



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Número 524  
4 de setembro de 2019

Fascículo 2



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

##### **I 54205 (10/POC-008573)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia

[172004](#)

##### **I 54207 (10/POC-008574)**

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a recepción dalgunha alerta, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Dirección Xeral de Patrimonio en relación cos danos ocasionados no outono de 2017 nas mámoas de Monte Cabeza, na serra do Faro, polos traballos de cavadura desenvolvidos no seu contorno

[172008](#)

##### **I 54211 (10/POC-008575)**

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre os datos referidos á autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio das diversas intervencións arquitectónicas levadas a cabo na capela da serra do Faro, na comarca de Chantada, así como a súa opinión respecto das executadas recentemente

[172010](#)

##### **I 54215 (10/POC-008576)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 8 máis

Sobre a información do Goberno galego referida ao cumprimento polo Goberno central do acordo de negociar coas comunidades autónomas as bases do programa Reindus para acadar un equilibrio territorial e demográfico entre territorios, cunha particular atención ás zonas que precisan dun especial impulso para a súa reindustrialización

[172012](#)

##### **I 54217 (10/POC-008577)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación cos impagamentos aos gandeiros galegos dos operadores intermediarios que actúan coas industrias transformadoras do leite

[172015](#)



**I 54297 (10/POC-008578)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, na calidade asistencial e nas condicións laborais dos traballadores, das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, así como respecto da necesidade de modificar os criterios de valoración

[172017](#)**I 54371 (10/POC-008579)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns e a posible incidencia para a poboación do Salnés da modificación prevista, no novo concurso para a adxudicación do transporte sanitario urxente terrestre, da dotación de profesionais da ambulancia de soporte vital avanzado, así como da supresión da segunda ambulancia de soporte vital básico que presta servizo en Vilagarcía de Arousa

[172021](#)**I 54372 (10/POC-008580)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo centro de saúde de Gondomar

[172025](#)**I 54380 (10/POC-008581)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de que Galicia sexa declarada en situación de emerxencia climática, as actuacións previstas para acadar a total eliminación das emisións netas no ano 2040 e as súas intencións respecto da incorporación dos sectores clave na transición ecolóxica da economía, así como da modificación do actual modelo enerxético

[172030](#)**I 54386 (10/POC-008582)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade dunha política medioambiental que prime a eficiencia do consumo enerxético, así como as súas intencións respecto da posta en marcha dun Plan Renove destinado a subvencionar a adquisición de electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética e o establecemento nel dun investimento especial destinado ás persoas con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética

[172033](#)**I 54400 (10/POC-008584)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa débeda económica do Estado con Galicia

[172036](#)

**I 54410 (10/POC-008585)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a xestión do lixo urbano do concello da Coruña na planta de Nostián, así como a do procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas no centro das Pías, en Sobrado dos Monxes

[172040](#)**I 54394 (10/POC-008586)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de retorno a Galicia complementario do Plan de retorno a España

[172044](#)**I 54420 (10/POC-008587)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Salorio Porral, María Soraya e 6 máis**

Sobre as liñas de traballo que está a desenvolver a Consellería do Mar para actualizar as regras de extracción de mexilla en Galicia

[172046](#)**I 54421 (10/POC-008588)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do proceso de extinción de entidades do sector público autonómico iniciado en 2010, a súa opinión respecto do estado no que se atopa e os resultados que está a dar a aposta polo modelo de Axencia

[172048](#)**I 54423 (10/POC-008589)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto das condicións nas que está a competir a frota palanqueira galega de superficie dedicada á captura da quenlla en relación coas outras frotas, así como as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Mar para a súa defensa

[172050](#)**I 54428 (10/POC-008590)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para modificar e introducir criterios de bioseguridade nas políticas de xestión do xabaril e as súas intencións de elaborar un plan de xestión desa especie, así como a existencia dalgún protocolo de actuación e de coordinación ao respecto cos diferentes axentes implicados

[172052](#)**I 54435 (10/POC-008591)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do Bono emprego automoción para o ano 2018, así como os datos ao respecto e as previsións para o futuro

[172058](#)

**I 54436 (10/POC-008592)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa saturación de residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas nalgúñas comarcas de Galicia e a súa xestión actual

[172062](#)**I 54442 (10/POC-008593)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación laboral en Galicia, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto

[172065](#)**I 54449 (10/POC-008594)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa**

Sobre o balance que fai o Goberno galego da evolución dos desequilibrios territoriais en Galicia nos últimos dez anos, así como do desenvolvemento dos plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, e as súas intencións respecto do establecemento de medidas de impulso específico para as comarcas en grave situación de regresión demográfica

[172069](#)**I 54454 (10/POC-008595)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa**

Sobre a crise demográfica que padece Galicia, o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan estratéxico Galicia 2010-2014: Horizonte 2020, así como do Plan para a revitalización demográfica de Galicia 2013-2016: Horizonte 2020, e as súas intencións respecto do impulso dun cambio de estratexia nas políticas de emprego, conciliación, social, igualdade de xénero e corresponsabilidade

[172072](#)**I 54457 (10/POC-008596)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización, nos meses de setembro e outubro e de xeito presencial, dos cursos de prevención de riscos laborais para o persoal dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, as razóns existentes para non realizalos nos meses de menos actividade para ese colectivo e a través da plataforma de teleformación, así como a súa suficiencia e a do número de prazas ofertadas

[172074](#)**I 54460 (10/POC-008597)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e 6 máis**

Sobre o avance que están a ter as actuacións anunciadas pola Xunta de Galicia para mellorar as estacións de autobuses, as novas actuacións previstas para a X lexislatura, así como as levadas a cabo no marco da mellora dos refuxios

[172077](#)

**I 54465 (10/POC-008598)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da implementación da política de descartes cero na pesca, así como sobre as xestións e traballos realizados a través dos diversos plans co obxectivo de minorar a afectación á frota galega

[172079](#)**I 54467 (10/POC-008599)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre os proxectos que se están a desenvolver para combater de raíz o problema do anisakis e a valoración do Goberno galego respecto destes sistemas, así como da implicación do sector nesta tarefa

[172081](#)**I 54468 (10/POC-008600)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar do esforzo investidor levado a cabo por Portos de Galicia nos últimos anos en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á pesca, así como na subministración de equipos para a mellora da comercialización, e os datos referidos aos principais investimentos realizados

[172083](#)**I 54469 (10/POC-008601)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro

[172085](#)**I 54473 (10/POC-008602)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos sobrecustos das obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza

[172087](#)**I 54477 (10/POC-008603)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre os medios humanos e materiais que posúe a Consellería do Mar para o control do furtivismo, o tipo de colaboración que existe neste ámbito con outras administracións e o gasto orzamentario destinado para ese fin

[172091](#)**I 54478 (10/POC-008604)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o contido da proposta presentada por Portos de Galicia a Portos do Estado para a mellora da sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e das bateas que se atopen nas proximidades, así como os prazos estimados pola Consellería do Mar para a súa execución

[172093](#)

**I 54480 (10/POC-008605)****Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco**

Sobre o estado de tramitación en que se atopan os expedientes de reversión ao dominio público dos aproveitamentos hidroeléctricos con concesións caducadas ou próximas a caducar na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a realización por parte da Xunta de Galicia dalgún estudo, proxecto ou iniciativa para asumir a súa xestión, así como a dos que se atopan nesas situacións nas confederacións dependentes do Estado [172095](#)

**I 54485 (10/POC-008606)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar a precariedade laboral da mocidade e a súa valoración respecto das actuacións que están a levar a cabo as empresas de traballo temporal [172100](#)

**I 54489 (10/POC-008607)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre o proceso seguido para a redacción das ordes de axuda para a prevención e danos ocasionados nos cultivos agrarios pola fauna silvestre, nomeadamente polo lobo e o xabaril [172103](#)

**I 54493 (10/POC-008608)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que se están a levar a cabo na serra do Oribio, no Courel, e a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto [172108](#)

**I 54494 (10/POC-008609)****Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco**

Sobre os estudos xurídicos e traballos administrativos que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia e, en particular, para garantir que a central das Conchas e as minicentrales pasen á xestión pública [172111](#)

**I 54496 (10/POC-008610)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre os presuntos danos ocasionados polas actuacións de baleiramento en diversos elementos de gran valor patrimonial do interior do mosteiro de Santa María de Montederramo, así como a demora ata o período estival da execución das actuacións de mellora previstas no convenio asinado pola Consellería de Cultura e Turismo co Concello [172114](#)



**I 54497 (10/POC-008611)****Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco**

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia diante de Abanca para acadar unha solución ao concurso de acredores da empresa Isowat e os seus resultados [172119](#)

**1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Admisión a trámite e publicación****I 54204 (10/PRE-017601)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia [172121](#)

**I 54209 (10/PRE-017602)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a recepción dalgunha alerta, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Dirección Xeral de Patrimonio en relación cos danos ocasionados no outono de 2017 nas mámoas de Monte Cabeza, na serra do Faro, polos traballos de cavadura desenvolvidos no seu contorno [172125](#)

**I 54213 (10/PRE-017603)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre os datos referidos á autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio das diversas intervencións arquitectónicas levadas a cabo na capela da serra do Faro, na comarca de Chantada, así como a súa opinión respecto das executadas recentemente [172127](#)

**I 54381 (10/PRE-017604)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de que Galicia sexa declarada en situación de emerxencia climática, as actuacións previstas para acadar a total eliminación das emisións netas no ano 2040 e as súas intencións respecto da incorporación dos sectores clave na transición ecolóxica da economía, así como da modificación do actual modelo enerxético [172129](#)

**I 54387 (10/PRE-017605)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade dunha política medioambiental que prime a eficiencia do consumo enerxético, así como as súas intencións respecto da posta en marcha dun Plan Renove destinado a subvencionar a adquisición de electrodomésticos coa máxima clasi-





ficación enerxética e o establecemento nel dun investimento especial destinado ás persoas con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética [172132](#)

**I 54402 (10/PRE-017606)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa débeda económica do Estado con Galicia [172135](#)

**I 54407 (10/PRE-017607)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a xestión do lixo urbano do concello da Coruña na planta de Nostián, así como a do procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas no centro das Pías, en Sobrado dos Monxes [172139](#)

**I 54433 (10/PRE-017608)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do Bono emprego automoción para o ano 2018, así como os datos ao respecto e as previsións para o futuro [172143](#)

**I 54441 (10/PRE-017609)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación laboral en Galicia, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto [172147](#)

**I 54464 (10/PRE-017611)**

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das datas de realización dos cursos de prevención de riscos laborais para o persoal dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, así como a súa suficiencia e a do número de prazas ofertadas [172151](#)

**I 54472 (10/PRE-017612)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos sobrecostos das obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza [172154](#)

**I 54484 (10/PRE-017613)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar a precariedade laboral da mocidade e a súa valoración respecto das actuacións que están a levar a cabo as empresas de traballo temporal [172158](#)



## Admisión da retirada e publicación do acordo

### I 54165 (10/PRE-017597)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos á remuneración do factor traballo na economía de Galicia, a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

[172161](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de setembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 54205 (10/POC-008573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia  
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54207 (10/POC-008574)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a recepción dalgunha alerta, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Dirección Xeral de Patrimonio en relación cos danos ocasionados no outono de 2017 nas mámoas de Monte Cabeza, na serra do Faro, polos traballos de cavadura desenvolvidos no seu contorno  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54211 (10/POC-008575)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre os datos referidos á autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio das diversas intervencións arquitectónicas levadas a cabo na capela da serra do Faro, na comarca de Chantada, así como a súa opinión respecto das executadas recentemente  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54215 (10/POC-008576)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 8 máis

Sobre a información do Goberno galego referida ao cumprimento polo Goberno central do acordo de negociar coas comunidades autónomas as bases do programa Reindus para acadar un equilibrio territorial e demográfico entre territorios, cunha particular atención ás zonas que precisan dun especial impulso para a súa reindustrialización  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54217 (10/POC-008577)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos



Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación cos impagamentos aos gandeiros galegos dos operadores intermediarios que actúan coas industrias transformadoras do leite  
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54297 (10/POC-008578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, na calidade asistencial e nas condicións laborais dos traballadores, das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, así como respecto da necesidade de modificar os criterios de valoración

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54371 (10/POC-008579)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns e a posible incidencia para a poboación do Salnés da modificación prevista, no novo concurso para a adxudicación do transporte sanitario urxente terrestre, da dotación de profesionais da ambulancia de soporte vital avanzado, así como da supresión da segunda ambulancia de soporte vital básico que presta servizo en Vilagarcía de Arousa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54372 (10/POC-008580)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo centro de saúde de Gondomar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54380 (10/POC-008581)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de que Galicia sexa declarada en situación de emerxencia climática, as actuacións previstas para acadar a total eliminación das emisións netas no ano 2040 e as súas intencións respecto da incorporación dos sectores clave na transición ecolóxica da economía, así como da modificación do actual modelo enerxético

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54386 (10/POC-008582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade dunha política medioambiental que prime a eficiencia do consumo enerxético, así como as súas intencións respecto da posta en marcha dun Plan Renove destinado a subvencionar a adquisición de electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética e o establecemento nel dun investimento especial destinado ás persoas con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 54400 (10/POC-008584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa débeda económica do Estado con Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54410 (10/POC-008585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a xestión do lixo urbano do concello da Coruña na planta de Nostián, así como a do procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas no centro das Pías, en Sobrado dos Monxes

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54394 (10/POC-008586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de retorno a Galicia complementario do Plan de retorno a España

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54420 (10/POC-008587)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e 6 máis

Sobre as liñas de traballo que está a desenvolver a Consellería do Mar para actualizar as regras de extracción de mexilla en Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54421 (10/POC-008588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do proceso de extinción de entidades do sector público autonómico iniciado en 2010, a súa opinión respecto do estado no que se atopa e os resultados que está a dar a aposta polo modelo de Axencia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54423 (10/POC-008589)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto das condicións nas que está a competir a frota palangreira galega de superficie dedicada á captura da quenlla en relación coas outras frotas, así como as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Mar para a súa defensa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54428 (10/POC-008590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis



Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para modificar e introducir criterios de bioseguridade nas políticas de xestión do xabaril e as súas intencións de elaborar un plan de xestión desa especie, así como a existencia dalgún protocolo de actuación e de coordinación ao respecto cos diferentes axentes implicados

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54435 (10/POC-008591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do Bono emprego automoción para o ano 2018, así como os datos ao respecto e as previsións para o futuro

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54436 (10/POC-008592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa saturación de residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas nalgunhas comarcas de Galicia e a súa xestión actual

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54442 (10/POC-008593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación laboral en Galicia, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54449 (10/POC-008594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre o balance que fai o Goberno galego da evolución dos desequilibrios territoriais en Galicia nos últimos dez anos, así como do desenvolvemento dos plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, e as súas intencións respecto do establecemento de medidas de impulso específico para as comarcas en grave situación de regresión demográfica

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54454 (10/POC-008595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre a crise demográfica que padece Galicia, o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan estratéxico Galicia 2010-2014: Horizonte 2020, así como do Plan para a revitalización demográfica de Galicia 2013-2016: Horizonte 2020, e as súas intencións respecto do impulso dun cambio de estratexia nas políticas de emprego, conciliación, social, igualdade de xénero e corresponsabilidade

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 54457 (10/POC-008596)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización, nos meses de setembro e outubro e de xeito presencial, dos cursos de prevención de riscos laborais para o persoal dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, as razóns existentes para non realizalos nos meses de menos actividade para ese colectivo e a través da plataforma de teleformación, así como a súa suficiencia e a do número de prazas ofertadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54460 (10/POC-008597)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre o avance que están a ter as actuacións anunciadas pola Xunta de Galicia para mellorar as estacións de autobuses, as novas actuacións previstas para a X lexislatura, así como as levadas a cabo no marco da mellora dos refuxios

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54465 (10/POC-008598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da implementación da política de descartes cero na pesca, así como sobre as xestións e traballos realizados a través dos diversos plans co obxectivo de minorar a afectación á frota galega

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54467 (10/POC-008599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os proxectos que se están a desenvolver para combater de raíz o problema do anisakis e a valoración do Goberno galego respecto destes sistemas, así como da implicación do sector nesta tarefa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54468 (10/POC-008600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar do esforzo investidor levado a cabo por Portos de Galicia nos últimos anos en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á pesca, así como na subministración de equipos para a mellora da comercialización, e os datos referidos aos principais investimentos realizados

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54469 (10/POC-008601)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro  
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54473 (10/POC-008602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos sobrecostos das obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54477 (10/POC-008603)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os medios humanos e materiais que posúe a Consellería do Mar para o control do furtivismo, o tipo de colaboración que existe neste ámbito con outras administracións e o gasto orzamentario destinado para ese fin

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54478 (10/POC-008604)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o contido da proposta presentada por Portos de Galicia a Portos do Estado para a mellora da sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e das bateas que se atopan nas proximidades, así como os prazos estimados pola Consellería do Mar para a súa execución

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54480 (10/POC-008605)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre o estado de tramitación en que se atopan os expedientes de reversión ao dominio público dos aproveitamentos hidroeléctricos con concesións caducadas ou próximas a caducar na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a realización por parte da Xunta de Galicia dalgún estudo, proxecto ou iniciativa para a asumir a súa xestión, así como a dos que se atopan nesas situacións nas confederacións dependentes do Estado

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54485 (10/POC-008606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar a precariedade laboral da mocidade e a súa valoración respecto das actuacións que están a levar a cabo as empresas de traballo temporal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54489 (10/POC-008607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis





Sobre o proceso seguido para a redacción das ordes de axuda para a prevención e danos ocasionados nos cultivos agrarios pola fauna silvestre, nomeadamente polo lobo e o xabaril  
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54493 (10/POC-008608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que se están a levar a cabo na serra do Oribio, no Courel, e a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54494 (10/POC-008609)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre os estudos xurídicos e traballos administrativos que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia e, en particular, para garantir que a central das Conchas e as minicentraís pasen á xestión pública

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54496 (10/POC-008610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os presuntos danos ocasionados polas actuacións de baleiramento en diversos elementos de gran valor patrimonial do interior do mosteiro de Santa María de Montederramo, así como a demora ata o período estival da execución das actuacións de mellora previstas no convenio asinado pola Consellería de Cultura e Turismo co Concello

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54497 (10/POC-008611)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia diante de Abanca para acadar unha solución ao concurso de acredores da empresa Isowat e os seus resultados

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

#### **1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito**

##### **Admisión a trámite e publicación**

- 54204 (10/PRE-017601)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis



Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia

- 54209 (10/PRE-017602)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a recepción dalgunha alerta, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Dirección Xeral de Patrimonio en relación cos danos ocasionados no outono de 2017 nas mámoas de Monte Cabeza, na serra do Faro, polos traballos de cavadura desenvolvidos no seu contorno

- 54213 (10/PRE-017603)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre os datos referidos á autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio das diversas intervencións arquitectónicas levadas a cabo na capela da serra do Faro, na comarca de Chantada, así como a súa opinión respecto das executadas recentemente

- 54381 (10/PRE-017604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de que Galicia sexa declarada en situación de emerxencia climática, as actuacións previstas para acadar a total eliminación das emisións netas no ano 2040 e as súas intencións respecto da incorporación dos sectores clave na transición ecolóxica da economía, así como da modificación do actual modelo enerxético

- 54387 (10/PRE-017605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade dunha política medioambiental que prime a eficiencia do consumo enerxético, así como as súas intencións respecto da posta en marcha dun Plan Renove destinado a subvencionar a adquisición de electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética e o establecemento nel dun investimento especial destinado ás persoas con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética

- 54402 (10/PRE-017606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa débeda económica do Estado con Galicia

- 54407 (10/PRE-017607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a xestión do lixo urbano do concello da Coruña na planta de Nostián, así como a do procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas no centro das Pías, en Sobrado dos Monxes



- 54433 (10/PRE-017608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do Bono emprego automoción para o ano 2018, así como os datos ao respecto e as previsións para o futuro

- 54441 (10/PRE-017609)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación laboral en Galicia, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto

- 54464 (10/PRE-017611)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das datas de realización dos cursos de prevención de riscos laborais para o persoal dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, así como a súa suficiencia e a do número de prazas ofertadas

- 54472 (10/PRE-017612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos sobrecostos das obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza

- 54484 (10/PRE-017613)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar a precariedade laboral da mocidade e a súa valoración respecto das actuacións que están a levar a cabo as empresas de traballo temporal

### **Admisión da retirada e publicación do acordo**

- 54165 (10/PRE-017597)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos á remuneración do factor traballo na economía de Galicia, a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 54491.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

No Pleno do Parlamento Galego do día 13 de marzo de 2019, aprobouse unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego relativa ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega co seguinte texto.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega:

1. Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.

2. Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.

4. Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas

5. Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

Polo tanto fórmulanse as seguinte preguntas para resposta oral na Comisión 3ª para avaliar o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a incorporación cláusulas de igualdade dando cumprimento aos acordos impulsados o 13 de marzo de 2019?

Está a traballar o goberno galego para definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade? A través de que organismos?

Designou xa a Xunta de Galiza unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade? Ten valorado como o vai facer? E en que prazos?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai impulsar o goberno galego accións para Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno? De que forma?

Que planificación ten o goberno respecto de remitir á Cámara Galega un informe anual sobre estas cuestións?

Ten avaliado o goberno galego a capacidade do marco legal sobre contratación pública para impulsar o establecemento de cláusulas de igualdade?

Ten contrastado a Xunta de Galiza experiencias doutros gobernos nesta liña? Con que resultado?

Por que non dá resultado a guía para unha contratación pública socialmente responsable? Considera que ten suficiente perspectiva de xénero?

No Decreto en materia de igualdade faise algunha referencia como no artigo 67 que dá preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade, como valora o seu cumprimento?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 13:59:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 13:59:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 13:59:32**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 13:59:40**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 13:59:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 13:59:57**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

O campo de mámoas do Monte Cabeza, na Serra do Faro, foi deteriorado por labores de roturación con maquinaria pesada no outono de 2017.

Esta necrópole atópase entre os Concellos de Chantada (Lugo) e Rodeiro (Pontevedra), sendo un elemento catalogado no PXOM de Rodeiro.

Os elementos figuran catalogados coas seguintes referencias: GA36047074 (Monte Cabeza 1), GA36047075 (Monte Cabeza 2) e GA36047076 (Monte Cabeza 3).

Na zona sitúase o Parque Eólico do Faro, para cuxa instalación se procedeuse á limpeza, estudo e sinalización das mámoas, coa colocación dun panel informativo.

En toda a zona hai conxuntos de mámoas, algunhas en catalogar.

Dúas das tres mámoas das conservadas sufriron danos.

A veciñanza e persoas interesadas no Patrimonio alertaron aos Concellos de Chantada e Rodeiro sobre as actuacións, non tendo recibido resposta no caso de Chantada e indicando o Concello de Rodeiro que remitiría informe á Dirección Xeral de Patrimonio.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Recibiu a Dirección Xeral de Patrimonio algunha alerta sobre a situación das mámoas do Monte Cabeza?





- As actuacións de roturación no contorno das mámoas en outono de 2017 tiñan autorización de Patrimonio?
- Impulsou a Dirección Xeral de Patrimonio algunha actuación sobre a agresión ás mámoas de Monte Cabeza?
- Vai a Xunta impulsar algunha iniciativa para a mellora do contorno das mámoas do Monte Cabeza e da serra do Faro en xeral?
- Como valora a Xunta o estado de conservación das mámoas de Monte Cabeza?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/08/2019 14:11:09**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**

A capela da serra do Faro, emblemático lugar de culto e tradición popular na comarca de Chantada e Camba, foi obxecto de numerosas intervencións arquitectónicas que alteraron, nalgún caso de xeito irreversible, o seu aspecto.

Estas actuacións foron realizadas por fases, e poden resumirse do seguinte xeito.

- Movemento de terras e instalación dun zócalo de pedra lousada sobre formigón no contorno da capela.
- Retirada da estrutura de madeira do século XVIII (quizais de 1800, no momento de remodelación da capela) que se situaba no interior, na ala norte, e que daba acceso ao espazo onde se gardaban as ofrendas. A parte do sur xa fora retirada hai anos.
- Instalación de caleiros ou canlóns de zinc, sen integración coa estética da contorna.
- Instalación do retellado sobre amianto.
- Precintado e lavado da pedra dos muros.
- Xanelas de aluminio (actuación pasada).

Alén dun elemento do Patrimonio cultural, atopámonos nunha zona LIC, Rede Natura e con vontade de ser incluída na proposta de reserva da biosfera Ribeira Sacra.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Contan todas as actuacións descritas coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio?

En que datas foron concedidas?

- Considera a Xunta acaídas todas as actuacións realizadas recentemente na capela do Faro?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/08/2019 14:21:45**



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O Plan Ferrol creouse co obxectivo principal de dotar ás comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento e diversificación do tecido industrial, para xerar emprego e converxer cos ritmos de crecemento de outras zonas de Galicia e de España.

O Plan mantivo unha actualización constante dende a súa creación. Entre 2009 e 2016 as convocatorias de Reindustrialización mobilizaron máis de 375M€ de inversións no ámbito do Plan Ferrol, chegando a beneficiar a mais de 200 proxectos empresarias que permitiron consolidar un importante volume de tecido empresarial diversificado, ampliado e mellorado na súa capacidade produtiva, innovadora e exportadora creando mais de 800 postos de traballo directos.

Dende o Goberno de Galicia estase a traballar para consolidar as vantaxes competitivas da Comarca de Ferrol e das infraestruturas existentes, que favorecen o entorno empresarial, promovendo o mantemento un marco preferente de apoio, para impulsar a reindustrialización e o dinamismo económico desta zona, cunha xestión coordinada a través do Plan Ferrol.

De feito, o Goberno Galego viña traballando nun novo escenario de recuperación económica na mellora das condicións da Orde de Bases da liña de Reindustrialización, bases para planificar conxuntamente actuacións no plano autonómico e estatal, aliñadas coas políticas europeas, que contribúan a alcanzar os obxectivos do programa de axudas, que no son outros que o desenvolvemento e a consolidación dun tecido industrial potente e competitivo, consolidando proxectos xa iniciados e promovendo e impulsando novos proxectos viables, estratéxicos e complementarios da actividade existente aliñadas coas políticas europeas, que contribúan a alcanzar os obxectivos do programa de axudas, que no son outros que o desenvolvemento e a consolidación dun tecido industrial potente e competitivo, consolidando proxectos xa iniciados e promovendo e impulsando novos proxectos viables, estratéxicos e complementarios da actividade existente.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
**15701 Santiago de Compostela**  
**T. 981 551 510 F. 981 551 422**  
**gp-pp@parlamentodegalicia.es**  
**www.ppdegalicia.com**



Unha postura que o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, defendeu na Conferencia Sectorial de Industria celebrada o pasado mes de outubro, demandando un reparto equitativo dos fondos destinados aos programas de reindustrialización, e a creación dun grupo de traballo para estudar as propostas das diferentes comunidades autónomas para a nova convocatoria destes apoios.

Sen embargo, o actual Goberno Central decidiu unilateralmente unha nova distribución dos fondos, e unha nova Orde de bases na que a Comarca de Ferrolterra, e mesmo o conxunto da comunidade autónoma galega, son grandes prexudicadas, ao eliminar a convocatoria específica en favor de Ferrol, Eume e Ortegal, así como ao limitar os fondos do Estado aos que poden acceder os proxectos que se presenten de Galicia.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta en comisión:

-Cales son as informacións das que dispón o Goberno galego sobre o cumprimento por parte do Goberno central do acordo de negociar coas comunidades autónomas as bases do programa Reindus para continuar a apostar por un equilibrio territorial e demográfico que non xere unha fenda entre territorios, e no que ademais se manteña unha especial atención ás zonas que precisan dun especial impulso para avanzar na súa industrialización?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Rey Varela na data 28/08/2019 09:45:35**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/08/2019 09:45:53**

**Diego Calvo Pouso na data 28/08/2019 09:46:15**

**Maria Antón Vilasánchez na data 28/08/2019 09:46:28**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 28/08/2019 09:46:52**

**Moisés Blanco Paradelo na data 28/08/2019 09:47:13**

**Marta Novoa Iglesias na data 28/08/2019 09:47:27**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/08/2019 09:47:53**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 28/08/2019 09:48:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGsoeqGqVw47  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**.

Os impagos que afectan ultimamente a gandeiros galegos do sector lácteo volta a por no debate a actividade dos primeiros compradores.

A actividade que realizan os primeiros compradores en Galiza, que aglutina o 25% da produción láctea do país, non está exenta de conflitos.

A existencia de operadores intermediarios que actúan entre os gandeiros e as industrias transformadoras de lácteos, comprándolle o leite aos primeiros e vendéndollo ás segundas, dáse ás veces sen as garantías suficientes para os produtores, que corren o risco de sufrir impagos, algo que vén intensificándose nos últimos tempos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Que medidas ten pensado tomar a Xunta de Galicia ante esta situación?
- 2) Considera a posibilidade de implantar obrigatoriamente a necesidade dun aval por parte do comprador que garanta o cobro?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 28/08/2019 09:55:04**

**Marcos Cal Ogando na data 28/08/2019 09:55:20**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre.

Ao coñecer os datos deste concurso volven saltar as alarmas, o malestar e a preocupación porque o transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego segue a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo e as condicións laborais dos traballadores.

O BNG lamenta que de novo a maior puntuación para conceder o servizo sexan as ofertas económicas en lugar de melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación.

O concurso público presentado non soluciona os problemas do servizo, non atende as demandas que se veñen realizando tanto pola cidadanía como d@s profesionais, non vai rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes, xa que neste novo concurso elimínanse



recursos e dispositivos existentes e non se contemplan demandas de ampliación tanto en ambulancias medicalizadas ( Valdeorras, Bergantiños, Baixo Miño...) nin básicas.

Se ben se contemplan dúas novas ambulancias medicalizadas (ASVA), unha para a comarca do Salnés e outra para Monforte, atopámonos con que reducen persoal, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Outra das novidades é a creación dun híbrido entre a ambulancia medicalizada e a básica, de xeito que só vai estar dotada cun/cunha técnic@ e profesional de enfermería, e reducindo persoal, e polo tanto capacidade de actuación diante dunha emerxencia.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Considera a Xunta de Galiza que coas condicións contempladas no concurso que ven de facer público a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a adjudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre se pode dar unha asistencia sanitaria de calidade?

2.- Que modelo de transporte sanitario terrestre defende o Goberno galego?

3.- Coida que as condicións nas que se licita o contrato son as axeitadas para garantir un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.- Non lle parece preciso modificar os criterios de valoración, de feito que sexan as melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación, as que se lle adxudique maior puntuación, na vez da oferta económica?

5.- Cal é a razón para modificar a dotación de todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) eliminando un técnico dos equipos profesionais que viñan tendo até o de agora: dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo?

6.- Cal é a razón de non ten contemplado no concurso a ampliación das ambulancias que se veñen demandando de xeito constante pola poboación e @s profesionais: tanto as de soporte vital básico, como as de soporte vital avanzado (ASVA) en Valdeorras, Baixo Miño, Bergantiños?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2019 10:49:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2019 10:49:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2019 10:49:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2019 10:50:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2019 10:50:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2019 10:50:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

A comarca do Salnés ven demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.

Unha demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, no mesmo inclúese a tan demandada ambulancia medicalizada, mais ao coñecer os detalles deste concurso volven





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

saltar as alarmas, o malestar e a preocupación xa que atopámonos con que reducen o persoal que ten que prestar o servizo na mesma, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Atopámonos tamén con que se suprime a ambulancia de soporte vital básico que ven prestando servizo en Vilagarcía, e que se ten mostrado máis que precisa, xa que os servizos realizados en Vilagarcía teñen aumentado de xeito considerábel, un 50%, teñen pasado de 3500 no ano 2014 a 5400 no ano 2018.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte e non ás necesidades da veciñanza.

Polas razóns expostas formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Considera que a poboación do Salnés vai dispoñer dun servizo de transporte sanitario terrestre urxente de calidade cos recortes que se contemplan no novo concurso?

-Cal é a razón de ter modificado a dotación da ambulancia de soporte vital avanzado(ASVA) contemplada para o Salnés, eliminando un técnico en cada quenda, na vez dos equipos profesionais por quenda que viñan tendo até o de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

agora estes vehículos: dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo.

-Cal é a razón de eliminar no concurso a segunda ambulancia de soporte vital básico(12 horas) que presta servizo en Vilagarcía, cando os servizos que se realizan en Vilagarcía teñen aumentado un 50% nos últimos catro anos?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2019 11:39:13**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2019 11:39:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2019 11:39:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2019 11:39:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2019 11:39:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2019 11:39:52**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión** relativa á dotación de persoal e aos os servizos que se van prestar no novo centro de saúde de Gondomar

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas polo goberno do PP foron en detrimento dunha Atención Primaria que debería ser o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións, nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O actual Centro de Saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal. A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Non se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguimento dos embarazos como as de realización de controles (citoloxías, etc,) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir estas contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto das profesionais se ven na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.

Dispón dunha única praza de pediatría só en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, problema que se agrava aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas, ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ante esta situación, asistimos ao anuncio en prensa, o pasado día 27 de abril, de que o novo centro de saúde de Gondomar vai abrir as súas portas no verán despois de catro anos en construción. Unha instalación sanitaria que foi obxecto de redución respecto da súa dimensión inicial polo PP e a súa política de recortes, o que provoca que se inaugure xa con prestacións insuficientes para a poboación que debe atender.

Na nova aparecida nos medios de comunicación, recóllese que ese novo centro de saúde contará con seis consultas de medicina de familia e unha de pediatría, as mesmas que na actualidade e que son claramente insuficientes segundo se detallou máis arriba. Mais no caso da atención pediátrica é especialmente negativo o feito de que vaia haber unha soa consulta de pediatría e que, según poidemos saber, atenderá nunha soa quenda de mañá. O que significaría manter a situación actual de exceso de cupo que xa ten obrigado ás familias de novas crianzas a ter consulta de pediatría noutros concellos do Val Miñor.

Polo anteriormente exposto formulanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

- Considera o Goberno galego que @s veciñ@s de Gondomar van recibir unha asistencia sanitaria de calidade sen a ampliación da dotación de profesionais e servizos no novo centro de saúde?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É certo que o novo centro de saúde de Gondomar non vai ver ampliada a súa plantilla de médicos de familia?

É certo que no novo centro de saúde non haberá máis que unha consulta de pediatría en horario de mañá?

Por que non se adoptan medidas para garantir a correcta atención pediátrica ás crianzas de Gondomar?

Que hai de certo en que o SERGAS pretende centralizar as consultas de pediatría dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán no PAC Val Miñor (A Xunqueira)?

De ser certa esa pretensión, é consciente dos prexuízos que lle causaría ás familias terse que desprazar desde os seus respectivos concellos até ese PAC?

Vai ter o novo centro de saúde ampliación da consulta de matrona?

Vai ter o novo centro de saúde de Gondomar dotación suficiente de profesionais de enfermería e persoal auxiliar?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 11:36:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 11:36:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 11:37:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 11:37:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 11:37:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 11:37:09**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

“Non hai planeta B”, manifestan milleiros de mozos e mozas europeas un venres cada mes. A nosa sociedade está na obriga de recoñecer a Emerxencia Climática; xa que logo, Galicia debe ser declarada en situación de Emerxencia Climática.

A Comisión Europea (baseándose nos datos da comunidade científica) ten recoñecido que os plans para cumprir co Acordo de París contra o cambio climático son insuficientes. O mundo ten diante o maior desafío da nosa época, que precisa dun novo *modus vivendi*. Cómpre aproveitar ese desafío da loita contra o cambio climático para actualizar paradigmas políticos de éxito e axeitalos á nova realidade mundial. Cómpre un novo pacto social apoiado na loita contra a desigualdade; a definición dun novo modelo económico baseado na sustentabilidade e no respecto á biosfera, da que depende a vida no mundo, e o establecemento dun marco normativo que inclúa a todos os sectores clave ademais do enerxético, tales como a agricultura, os residuos, a industria e o turismo.

Galicia é aínda unha das reservas verdes de España, polo que, dando exemplo, está na obriga de non quedar fóra dese novo acordo e de estar disposta a actuar coa urxencia necesaria. É preciso promover a toma de toda clase de accións reais para loitar, mitigar e nos adaptar á crise climática, coa asignación dos recursos necesarios para facer fronte a unha das maiores ameazas sobre a nosa democracia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Concorda o Goberno galego en que estamos na obriga de que a nosa comunidade sexa declarada en situación de Emerxencia Climática?
2. Que vai facer o Goberno para chegar a cero emisións netas no ano 2040?



3. Ten intención o Goberno de incorporar aos sectores clave na transición ecolóxica da economía (o enerxético, a agricultura, os residuos, a industria e o turismo)? Como? Cando?
4. Cando vai reformar o Goberno a fiscalidade galega, de maneira que incentive cambios nos comportamentos e aplique o principio de “quen contamina paga”?
5. Cando vai dotar de orzamento o Goberno á transición ecolóxica?
6. Vai mudar o Goberno o modelo enerxético galego para que sexa renovable, eficiente e estea en mans das persoas? Cando?
7. Vai garantir o Goberno o acceso universal e xusto á enerxía limpa mediante programas especiais para persoas en situación de pobreza enerxética? Cando?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/08/2019 11:08:42**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/08/2019 11:08:56**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/08/2019 12:17:35  
**Nº Registro: 54380**  
Data envío: 28/08/2019 12:17:35.510

**María Luisa Pierres López na data 28/08/2019 11:09:08**

CSV: BOPGDSPGsoeqGqVw47  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

“Non hai planeta B”, rezan milleiros de xente moza un venres ao mes en Europa. Teñen asumido que debemos consumir menos, consumir de maneira diferente e de forma que reduzamos unha importante cantidade de obxectos do noso día a día. Non só con relación aos produtos alimenticios e tanto para os fabricantes, como os consumidores e as administracións.

Esta política máis eficiente medioambientalmente debe chegar tamén aos produtos non perecederos dos fogares, tendo o principal punto de mira nos aparatos electrónicos e nos electrodomésticos (frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavavaixelas e, fundamentalmente en Galicia, deshumidificadores), pois o 18 % do consumo enerxético total de España procede dos fogares e o 50 % do consumo eléctrico do fogar corresponde aos electrodomésticos. Na actualidade, hai un gran parque de aparatos antigos e de alto consumo eléctrico e hídrico que non se renova, sen que chegue á taxa natural de reposición (o dato é que preto dun 40 % dos aparatos que hai nos fogares españois teñen máis de 10 anos). A maiores, en Galicia, cunha media anual do 80 % de humidade, a mellor maneira de regular a humidade nos fogares e que non exceda dos valores entre o 40 % e o 60 % é mediante a tenza dun aparato deshumidificador tipo A, que non é especialmente barato.

Esta situación debería levar ao Goberno galego a activar algo semellante a un “Plan Renove” para electrodomésticos ao que se adherisen os establecementos e as entidades que quixesen colaborar, debendo xustificar a retirada dos vellos electrodomésticos para a súa reciclaxe conforme a normativa vixente e garantir a trazabilidade documental dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos. Cun plan que subvencionase a adquisición de equipos coa máxima clasificación enerxética, o Goberno estaría poñendo en marcha unha novidosa política máis eficiente medioambientalmente, sen esquecer o aspecto social dun plan destas características a través dun investimento especial destinado a aquela parte da cidadanía con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Comparte o Goberno da Xunta de Galicia que é precisa unha nova política medioambiental na que prime consumir menos e de maneira diferente?
- 2.<sup>a</sup>) Sabe o Goberno cal é a taxa natural de reposición de electrodomésticos nos fogares de Galicia? Sabe cal é a antiguidade media dos mesmos?
- 3.<sup>a</sup>) Estaría disposto o Goberno a poñer en marcha un “Plan Renove” destinado a subvencionar a adquisición de electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética?
- 4.<sup>a</sup>) Estaría disposto o Goberno a activar, dentro do dito plan, un investimento especial destinado a aquela parte da cidadanía con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/08/2019 11:07:49**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/08/2019 12:20:12  
Nº Rexistro: 54386  
Data envío: 28/08/2019 12:20:12.218

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/08/2019 11:08:05**

**María Luisa Pierres López na data 28/08/2019 11:08:20**

CSV: BOPGDSPGsoeqGqVw47  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

A inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensualidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento.

Sen dúbida, estas cuestións deben ser esixidas unanimemente e con firmeza desde o arco parlamentario galego. Porén, nesta cuestión, a Xunta de Galiza non está a cumprir de forma adecuada o seu papel como goberno galego, pois esta cuestión está a ser reducida a un mero ariete mediático por parte do Presidente da Xunta de Galiza, con base a motivos exclusivamente electoralistas sen considerar de forma seria tomar nota doutras actuacións, como a que está a impulsar Cataluña, que acaba de anunciar a presentación dun recurso xudicial para reclamar a súa débeda.

Máis aínda, cómpre salientar unha vez máis que con independencia deste agravio concreto, estes acontecementos o que veñen a demostrar é o fracaso do modelo de réxime común de financiamento, pois outras comunidades que teñen un sistema alternativo non están a enfrontar este problema que, en última instancia, ten a súa orixe





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

na inxusta relación económica de Galiza co Estado. Polo tanto, trátase dunha evidencia máis de que Galiza debe aspirar a superar o actual status en materia de financiamento e política fiscal, un modelo propio e autónomo onde a xestión do gasto vaia ligada a do ingreso, cunha Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos. É esta a única alternativa fiábel para termos garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos sen dependencias da incapacidade política dos axentes estatais.

Así mesmo, urxe tamén unha volta de porca á doutrina política que representou o período Feijóo neste ámbito, caracterizado pola obediencia plena aos dogmas da consolidación fiscal e, en consecuencia, ás políticas de recortes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai pasar a Xunta de Galiza das palabras aos feitos e impulsar a reclamación legal da débeda económica que ten o Estado co noso país?

Considera a Xunta de Galiza que o único problema da relación económica de Galiza co Estado son a demora no pagamento do IVE de 2017 e das actualizacións das entregas a conta?

Considera a Xunta de Galiza que podería evitarse esta situación de contarnos con outro sistema de financiamento?

Arrepíntese o goberno da Xunta de Galiza de ter admitido sen protestas a conxelación deste debate simplemente porque correspondía ao goberno Rajoy?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai empregar esta cuestión como desculpa para disimular o seu fracaso na xestión da débeda pública galega?

Que opinión lle merecen outros ámbitos nos que o Estado incumpre e iso repercute nas nosas finanzas, como a débeda en materia de dependencia ou os incumprimentos dos acordos de investimentos?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2019 13:12:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2019 13:12:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2019 13:12:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2019 13:12:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2019 13:12:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2019 13:12:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

O Centro Xestor de As Pías (Sobrado dos Monxes) da empresa Gestán Medioambiental recibe, entre outros, os rexeites da planta de Nostián correspondentes ó lixo procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas.

Nas datas da redacción desta PNL Gestán Medioambiental e Albada, empresa que ten a concesión da planta de Nostián e que xestiona o lixo procedente do concello da Coruña, están en negociacións para levar os rexeites deste concello tamén á planta das Pías en Sobrado.

Resulta que os rexeites procedentes de Nostián pertencentes ó concello da Coruña eran depositados no vertedoiro de Miramontes sito en Grixoa (Compostela) ata que a fins de abril deste 2019 tiveron que suspender esta relación comercial porque estes rexeites superaban significativamente o COD non estando autorizado este vertedoiro para a súa admisión.

Como resultado desta situación a planta de Nostián acumulaba, de xeito irregular nas súas instalacións a mediados deste mes de agosto, máis de 7.000Tm. deses rexeites sendo presionada pola Consellería de Medio Ambiente para normalizar esta situación con aviso ou ameaza de apertura de expediente sancionador.





Ó vertedoiro de As Pías parece ser que lle resta pouca capacidade no vaso de vertido actual, máis ou menos para 100.000Tm máis. Por iso tén en proxecto de construción un novo vaso con capacidade para 530.096m<sup>3</sup> e cunhas posibilidades de eliminación anual de 25.000Tm de residuos non perigosos procedentes dos tratamentos de valorización e centros produtores de residuos.

O realmente curioso é a ubicación deste vertedoiro. Está na serra do Bocelo entre os nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, coa escorrentía para o chamado regato das Pías que vai parar ó Mandeo. Toda unha lección de suicidio medioambiental.

De anos anteriores, o vertedoiro conta con máis de 500.000m<sup>3</sup> de lixo selado nun vaso acondicionado ilegalmente e con acumulacións de lixo depositado ilegalmente e transportado con nocturnidade contando coa complicidade da Xunta de Galicia.

Resulta, cando menos, chocante, que se Nostián produce os mesmos rexeites porque procesa indistintamente o lixo urbano procedente do concello de A Coruña e do Consorcio das Mariñas, se o da Coruña superaba amplamente o COD para entrar nun vertedoiro de residuos non perigosos, en Sobrado estean entrando eses mesmos rexeites sen que as inspeccións preceptivas por lei detecten ningunha anomalía.

Chocante resulta tamén o emprazamento do novo vaso, mesmo a carón do Camiño de Santiago Norte, todo un exemplo para a comarca de respecto ó Patrimonio e do cumprimento que se lle esixe a calquera veciño que queira cambiar unha soa tella do tellado de calquera construción que se atope en ubicación semellante.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1-- Se os rexeitamentos de Nostián imputables ó concello da Coruña non podían seguir indo a Grixoa por supera-lo COD, como poden estar entrando en Sobrado os do Consorcio que teñen máis materia orgánica?

2-- Está o vertedoiro de As Pías (Sobrado dos Monxes) especialmente deseñado para recibir residuos orgánicos?

3-- A quen se lle achaca o mal funcionamento de Nostián que nin fai un compost aceptable nin recicla de xeito que os rexeitamentos cumpran coa normativa de aceptabilidade nun vertedoiro de residuos non perigosos?

4-- Como pode o sistema Sogama que apenas fai reciclaxe cobrar un prezo de 55euros/Tm. e Gestán Medioambiental 31euros/Tm con portes incluídos?

5-- Como é posible autorizar a construción dun novo vaso de vertido no vertedoiro de Sobrado ( As Pías) con capacidade para 530.096m<sup>3</sup> de residuos non perigosos procedentes dos tratamentos de valorización e centros produtores de residuos, cando este vertedoiro está situado nos montes do Bocelo entre os nacementos dos ríos Mandeo e Tambre co perigo que supón para o medioambiente e a limpeza das augas destas dúas concas fluviaais?

6-- Como é posible a autorización para a construción dun novo vaso de vertido situando este a carón do Camiño de Santiago?

7-- A onde vai parar a compostaxe que se prepara en Nostián?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2019 13:53:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2019 13:53:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2019 13:53:50**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2019 13:53:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2019 13:54:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2019 13:54:16**



## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Galicia ten sido tradicionalmente un país de emigrantes. A grande crise do século XXI alentou una nova xeira migratoria, cara países europeos dunha mocidade en busca de oportunidades vitais que o noso país non lle ofrecía. Mais alá dun debate estéril sobre a precisión das cifras é una realidade que viven moitas familias. Este novo compoñente da Galicia exterior súmase aos que teñen máis anos. O Censo de Residentes Ausentes recolle esta dimensión externa do noso país: máis de 450.000 con referencia a Galicia, aos que deben sumarse os residentes en Galicia con presenza temporal no exterior.

Nun contexto de recuperación económica é una obriga dos poderes públicos galegos ofrecer alternativas que fagan posible o retorno. Algunhas comunidades autónomas españolas así o están a facer. Por exemplo, mediante a elaboración dun plan específico ao respecto, que serviría de complemento ao “*Plan de retorno a España*”, aprobado polo consello de Ministros do 22 de marzo do 2019 e onde se prevén ata 50 medidas diferentes que, en parte, poderán ser ampliadas dende o ámbito autonómico.

Cuestión á que debe unirse unha idea máis ampla sobre ás persoas da chamada “Galicia exterior”, para dirixirse igualmente á posibilidade de incluír a captación de investimentos cara a nosa Comunidade. Co establecemento dunha rede de conexión hoxe inexistente como a de creación de traballadores e profesionais galegos no exterior .

Así como un compromiso coa integración social de inmigrantes (tanto os que teñen cidadanía española pero nunca viviron en Galicia como os que non), mediante o establecemento dun Plan de Integración, que contemple medidas de aprendizaxe dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma, acceso ás prestacións sociais básicas, etc.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:



- 1.<sup>a</sup>) Ten a previsión a Xunta de Galicia de elaborar un Plan de Retorno a Galicia complementario do Plan de Retorno a España?
- 2.<sup>a</sup>) Contempla compromisos en relación coa integración social de retornados que non viviron en España e inmigrantes?
- 3.<sup>a</sup>) Contempla compromisos para facilitar o acceso ao traballo e ao emprendemento dos retornados?
- 4.<sup>a</sup>) Contempla medidas específicas para facilitar a plena integración social dos emigrantes galegos de longa data que volven ao seu país?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Teresa Porrirt Lueiro  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/08/2019 13:00:18**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 28/08/2019 13:00:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Soraya Salorio Porral, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Miguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Martín Fernández Prado e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O pasado 22 de marzo debatiuse na Comisión 8ª unha PNL do PsdG sobre a extracción de mexilla en zonas de especial sensibilidade para o percebe, que non foi aprobada pola negativa do grupo propoñente en aceptar a nosa enmenda de modificación polo simple feito de non querer aceptar as verbas “continuar traballando” no texto da proposta.

A actual normativa sobre a extracción de mexilla data do ano 2000, polo que a Consellería do Mar está a traballar, xunto cos dous sectores implicados, na revisión da actividade e na continuidade do diálogo e a negociación entre percebeiros e bateiros, co obxecto de determinar as medidas necesarias para que ambas actividades se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións, de xeito que se asegure o histórico entendemento, beneficio mutuo e a garda dos intereses de ambas partes.

A Consellería é coñecedora das inquedanzas de ambos sectores e xa iniciou contactos para ir abordando a necesidade de buscar solución a polémica entre os percebeiros e os bateiros, polo que se está postulando un próximo encontro no que poderían definir as liñas para as actualizacións normativas.

Continuar traballando na revisión da actividade da extracción de mexilla de cara a adecuar a súa compatibilidade, e asegurar o seu histórico entendemento, beneficio mutuo e salvagarda dos intereses do sector bateiro e percebeiro: era o que propoñía a nosa enmenda do pasado 22 de marzo.

Por ese motivo, os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- En que liñas está traballando a Consellería do Mar para actualizar as regras de extracción de mexilla en Galicia?



Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soraya Salorio Porral na data 28/08/2019 13:35:16**

**Teresa Egerique Mosquera na data 28/08/2019 13:35:31**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 28/08/2019 13:36:09**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/08/2019 13:36:19**

**Marta Rodriguez Arias na data 28/08/2019 13:36:41**

**Martín Fernández Prado na data 28/08/2019 13:36:53**

**Daniel Vega Pérez na data 28/08/2019 13:37:40**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello de Contas ten presentado recentemente un Informe sobre o proceso de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016 que recolle entre as súas conclusións as seguintes:

- *A Xunta de Galicia non puxo en marcha o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia....*
- *As contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non se renderon ao Consello de Contas....*
- *A baixa dun gran número de entidades veu acompañada da creación doutras novas principalmente coa forma xurídica de Axencia. A posta en marcha de diversas axencias provoca que, a pesar de que o número de entidades instrumentais teña diminuído dende o 2010, o volume de recursos públicos xestionados de maneira descentralizada, en termos relativos estea a aumentar...*
- *A aposta polo modelo de Axencia, que se afasta do camiño seguido pola Administración central e por outras Comunidades Autónomas, está a ter unha eficacia limitada xa que o sistema de xestión por obxectivos e de responsabilidade na dirección, que constitúe a súa base, non se está a aplicar...*
- *O aforro económico declarado derivado das extincións de entidades efectivo foi de 17,03 millóns de euros o que representa menos do 1% dos fondos xestionados polas entidades dependentes.....*

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Que balance efectúa do proceso de extinción de entidades iniciado en 2010?







2.<sup>a</sup>) Considera que a opción pola forma xurídica de Axencia está a dar os rendementos previstos?

3.<sup>a</sup>) Considera rematado o proceso de racionalización de entidades?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Teresa Porrirt Lueiro  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/08/2019 13:46:59**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 28/08/2019 13:47:13**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia é a principal potencia europea en captura de quenlla. Xunto con Portugal conta co groso da flota palangreira de superficie que se dedica á captura destas especies, pero nos últimos anos a súa capacidade foi minguando. Ademais do alto custo do combustible, o principal motivo desta perda foi a entrada en vigor da normativa comunitaria que prohibe o corte de aletas de quenlla a bordo no 2013.

Galicia cumpre a lexislación en vigor. Se ben é certo que o seu proceder é sostible e responsable, é unha práctica que lle resta competitividade, en tanto en canto esta prohibición non está estendida ao resto de flotas mundiais (entre as que dalgunhas é ben coñecido que si practican o *finning*), o que provoca que existan diferentes condicionantes, segundo a procedencia de cada flota.

A flota galega aproveita integramente o peixe xa que, ademais de ser alimento, a pel utilízase para artigos de coiro e xelatina; as espiñas para cosméticos, provisións médicas e fertilizantes nitroxenados; as vísceras para aceites de lubricantes; e os dentes para accesorios.

Na actualidade o sector vive unha certa calma, xa que aos prezos estables ou altos das súas principais capturas, súmase un combustible que, sen ser baixo, non alcanza as cotas daqueles anos.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu á flota palangreira de superficie galega e a súa actividade sostible e responsable na captura de quenlla, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

-Considera que a flota palangreira de superficie galega compite en igualdade de condicións que outras flotas pesqueiras dedicadas á captura de quenlla?

-Cales foron as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Mar para defender a este segmento da flota galega?



Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 28/08/2019 14:21:00**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 28/08/2019 14:21:18**

**Martín Fernández Prado na data 28/08/2019 14:22:04**

**Daniel Vega Pérez na data 28/08/2019 14:22:16**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/08/2019 14:22:38**

**Marta Rodriguez Arias na data 28/08/2019 14:22:53**

**María Soraya Salorio Porral na data 28/08/2019 14:23:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A peste porcina africana avanza cara o sur de Europa, nun proceso no que moitos apuntan que é imparable, e antes ou despois pode chegar. De ser así, as consecuencias económicas serían tremendamente desastrosas para os miles de granxas de porcino e a economía rural.

Hai todo un sector en grave risco de someterse a duras restricións e peches por corentenas, así coma a eliminación de milleiros de porcos.

Ante o panorama que asoma, as medidas que se están adoptando en diferentes países de Europa comezan a ser dun forte control e intervención zoonosanitaria.

Mentres tanto aquí, asistimos a unha caótica xestión da poboación xabaril, pretendendo solucionar o problema unicamente a tiros, e levan así uns cantos anos, onde cada vez hai máis batidas, máis animais sacrificados, pero tamén, máis xabarís. Semella que non teñen nin idea do que hai que facer. E tamén semella que, non sabemos porqué, son reticentes a actuar con criterios de planificación e xestión, e aplicar criterios científico-técnicos no diagnóstico e control da poboación.



Mentres tanto as consecuencias desta caótica xestión teñen un efecto moi negativo, non só para a agricultura e para a seguridade nas estradas, senón tamén para o medio ambiente. Un territorio non pode soportar unha presión cinexética intensiva durante 12 meses ao ano, algo que agora sucede coas case 20.000 batidas anuais que autorizan.

Teñen comités de expertos e reunións, das que nada transcende e semella que o único que se conclúe é cazar máis, e actuacións moi para a galería, que funcionan moi ben nos medios, dando a aparencia que se está a facer todo o posible, pero que son unicamente parches improvisados, ao estilo de arqueiros ou carísimas bolsiñas de laboratorio de ouriños de lobo, pero todo iso, sen ningún criterio de modelado da poboación.

Mentres o máis sinxelo e efectivo, elaborar un plan de xestión, con diagnóstico, programación de medidas, prazos a medio e longo tempo, seguimento, valoracións, bioseguridade, dotación orzamentaria etc, a iso non lle dan valor.

Faise necesario elaborar de inmediato un plan de xestión. Non pode ser un imposible. Agora, ante a ameaza dun novo e moito maior problema, a chegada da peste porcina, non se pode continuar improvisando con medidas que non solucionan o problema.

Sobre a peste porcina africana, hai un grupo permanente de expertos en Europa, proxecto liderado por un equipo do CSIC, que vén de aprobar un manual de actuación en setembro de 2018, con intención orientadora de como facer fronte á expansión da enfermidade, centrándose en aplicar criterios de **xestión e bioseguridade** sobre as poboacións de xabaril no medio natural. Este grupo do que participan expertos de diferentes administracións europeas informa de que:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Asistimos a unha imparable expansión da peste porcina africana (PPA), considerada unha epidemia a grande escala, e que a Europa chegou polo leste e polo norte no ano 2007.
- A enfermidade logo pasou dos cochos domésticos ás poboacións salvaxes de xabarís, e estas comezaron a expandila cara o sur de Europa.
- No 2014 -2015 as autoridades xa evidenciaron a circulación do virus nos ecosistemas naturais converténdose nun ciclo epidemiolóxico autosostido.
- Nestes momentos a UE xa advirte que a enfermidade é endémica nas poboacións de xabaril de varios países de Europa do Leste e Centro e continúa expandíndose cara a Península Ibérica (hoxe, xa nas portas de Francia na fronteira belga), sendo un motivo de extrema preocupación.
- As autoridades veterinarias indican que controlar esta epidemia selvática de peste porcina está resultando unha tarefa moi difícil, dada a súa complexidade epidemiolóxica, a falta de experiencia e o alcance xeográfico do problema.
- Resulta preciso abordar a expansión da epidemia dun modo colaborativo e harmonizado entre as distintas rexións de Europa seguindo criterios científico-técnicos.
- As recomendacións pasan por actuar urxentemente adoptando medidas sobre manexo da caza do xabaril, introducir criterios de bioseguridade e xestión, e correcta manipulación na eliminación e movemento das canais de xabaril.
- En primeiro lugar debe abordarse a xestión práctica das poboacións de xabaril incorporando criterios de BIOSEGURIDADE a fin de reducir os riscos e prever as consecuencias da chegada da enfermidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Precisase non perder tempo, e aprobar xa un plan de xestión e de bioseguridade do xabaryl, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas. Tamén contar coa previsión de elaborar un protocolo de actuacións e coordinación con diferentes axentes implicados (tecores, veterinarios, granxas, autoridades medioambientais), e campaña informativas e sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabaris cazados durante as sesións de controis de poboación.

- En zonas de risco, advírtese que os controis cinxéticos de poboación, so poderán efectuarse cando exista un protocolo estrito de intervención en canto a adoptar medidas de bioseguridade, cos que garantir a eliminación segura dos cadáveres de xabaryl.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-De que forma e maneira ten pensado modifica-las políticas de xestión do xabaryl e en que medida ten pensado introducir criterios de bioseguridade nas mesmas?

-Ten pensado elaborar un Plan de Xestión do Xabaryl ? Sábese xa algo daqueles proxectos dos anos 2014 e 2016?

-Existe algún protocolo de actuacións e coordinación cos diferentes axentes implicados ( autoridades ambientais, tecores, veterinarios, granxas)?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Ten pensado deseñar campañas informativas e de sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabaris cazados durante as sesións de controis de poboación?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 09:52:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 09:52:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 09:52:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 09:52:43**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 09:52:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 09:53:00**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa aos resultados do Programa bono emrega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción.

O 20 de agosto de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a orde do 7 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Bono emrega automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galiza e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Presuntamente, estas axudas atopábanse incardinadas na axenda 20 para o emprego, para impulsar o emprego estable e de calidade e acadar un novo modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta orde establecía as bases reguladoras para un programa de formación con contratación de persoas desempregadas nos sectores de actividade vinculados ao sector da automoción, e procedíase á convocatoria pública de axudas correspondente ao ano 2018 (procedemento TR301Y) denominado Bono emrega automoción e para o que as arcas públicas disponibilizaban 3 millóns de euros. Dita convocatoria foi pechada o pasado 1 de outubro de 2019.

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un



gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país. Asemade, as entidades públicas como a Xunta de Galiza conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción e cómpre fiscalizar a súa eficacia e impacto. Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha batería de preguntas que foron contestadas só parcialmente despois de denunciar a falta de transparencia do goberno, solicitar varias reconversións e debater unha Proposición Non de Lei que foi rexeitada polo grupo maioritario.

Nunha desas respostas parciais, o goberno dicía “Como resultado desta primeira convocatoria, a Xunta apoio a formación de 634 persoas traballadoras por parte de Peugeot Automóviles España, S.A. e Ti Group Automotive Systems, SAU, financiando o 50% da cualificación recibida cun máximo de 2.000 euros por cada persoa desempregada contratada. No seu conxunto, as subvencións concedidas ascenden a 763.328,31 euros”. Ademais de non aclarar se son postos de traballo creados ex novo, fixos ou temporais, etc, é evidente que representa un fracaso ao non ser investido nin o 50% do comprometido inicialmente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Como valora o goberno galego a súa política de estímulo da automoción?

Como valora o goberno galego os resultados do bono emprega automoción 2018?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como valora ter investido menos do 50% do comprometido? Que fixo ou vai facer coa contía reservada?

Vai continuar no futuro? Con que previsión orzamentaria? Introducirá cambios no seu enfoque?

Considera que axudou a fixar postos de traballo? Como avaliou estes resultados?

Cantas empresas se beneficiaron?

Cales?

Cal foi a contía concreta investida?

Para cantos postos de traballo serviron? Durante canto tempo? Que tipo de contratación acometeron estas empresas? Temporal ou estábel? Xornada completa ou parcial? Cantas mulleres? Cantos homes?

Para a selección dos e das beneficiarias tívose en conta se tiñan experiencia no sector?

Fixo a Xunta de Galiza algún tipo de inspección respecto do cumprimento e avaliación do impacto destas axudas?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 10:28:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 10:28:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 10:28:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 10:29:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 10:29:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 10:29:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A planificación que desde o ano 91 fai gala o PP a través dos sucesivos gobernos e dos titulares de consellerías vencelladas ó rural leváronnos a unha drástica e perigosa diminución de explotacións familiares ben dimensionadas e con base territorial dabondo para asegurar unha rendibilidade a proba de vaivéns, unha fixación de poboación necesaria e un impacto medioambiental discreto e asumible. Isto no sector leiteiro é preocupante nalgúns zonas, pero nos sectores avícola e porcino intensivos é dramático.

A situación medioambiental en determinadas zonas, provocada por ese modelo altamente intensivo de granxas e animais, vólvese nalgúns casos insostible dando proba diso as analíticas de augas e de solos con saturación de nitratos, de fosfatos, de metais pesados e mesmo de antibióticos.

Nalgúns destas zonas a presión é tal que a comarca non é quen de asimilar tanto residuo gandeiro xerando un problema de saúde pública e de política medioambiental.

A xestión de residuos das granxas intensivas pode estar ligada á terra segundo unha normativa europea, pero esta ligazón debera ter un control e un seguimento e do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mesmo xeito debera haber tamén control e seguimento do estado das terras e das augas nestas comarcas con saturación de explotacións deste tipo.

O caso é que A Limia e O Deza sen seren as únicas, presentan un grave problema de xestión de xurros ó que é preciso dar unha solución adecuada e satisfactoria cos sectores afectados evitando así que esta situación dane gravemente outros sectores agrogandeiros que coexisten con estes. Ignora-lo problema non fai máis ca agravalo.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-É consciente o goberno galego da saturación e da inadecuada xestión dos residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas que se observa desde hai tempo nalgunhas comarcas de Galicia?

-Ten pensado tomar algunha medida a este respecto?

-Dispón o goberno galego ou existen algún tipo de recursos nesas comarcas para xestionar convenientemente os residuos gandeiros antes aludidos?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 10:35:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 10:36:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 10:36:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 10:36:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 10:36:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 10:36:26**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar para revertir a situación de precariedade do mercado laboral en Galiza.

Dez anos de goberno do Partido Popular en Galiza sáldanse coa consolidación da precariedade laboral como estrutural. Miles de galeg@s en situación laboral de precariedade, temporalidade, rotación, contratos a tempo parcial por imposición, baixada de salarios...

Como exemplo da enorme rotación están os datos do último mes de xullo: 121.098 contratos asinados fronte a 4.328 persoas menos anotadas como desempregadas con respecto ao mes anterior. Non para de medrar a precariedade laboral e a temporalidade: unicamente o 6,6% dos contratos subscritos neste período foron rexistrados baixo algunha modalidade de contratación indefinida, 9 de cada 10 contratos foron temporais.

En canto aos salarios consolídase a figura d@ traballador/a pobre, @s que o seu traballo non lle dá para vivir: 182.120 galeg@s cobran a metade do Salario Mínimo Interprofesional. Case medio millón de galeg@s ingresan por debaixo dos 800 euros ao mes. Unha de cada tres persoas asalariadas ingresa como moito o SMI e unha de cada cinco apenas chega aos 2.000 euros brutos anuais.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Constátase o medre das desigualdades e da precariedade, a perda de capacidade adquisitiva da clase traballadora (11% desde o 2008) por mor do modelo económico e de relacións laborais nacido das diferentes reformas laborais, que supuxeron un duro ataque ao dereito á negociación colectiva e tiveron consecuencias alarmantes no mercado laboral, xeneralizándose os empregos mal pagados e de escasa duración.

Esta situación é consecuencia das medidas, especialmente as reformas laborais, que foron tomando polas diferentes administracións, galega, estatal e europea, mais todas na mesma dirección, que non é outra que a de aproveitar a crise económica para favorecer aínda máis aos que máis teñen a costa da clase traballadora.

É preciso revertir o proceso xeneralizado de rebaixa das rendas de traballo e frear o medre da pobreza e das desigualdades

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a situación laboral en Galiza?

Ten previsto a Xunta de Galiza levar a cabo algunha acción para revertir a situación laboral en Galiza?

Que actuacións vai realizar o Goberno galego para rescatar @s miles de galeg@s que están sumid@s na precariedade e na pobreza laboral?

Vai instar ao Goberno español a que proceda á derogación das reformas laborais?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 11:21:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 11:21:25**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 11:21:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 11:21:40**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 11:21:47**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 11:21:58**



## Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Nos últimos dez anos os desequilibrios territoriais en Galicia non fixeron máis que aumentar. Hai unha Galicia en marcha lenta e unha Galicia en marcha atrás. Temos **28 comarcas** que viron nos dez anos do seu mandato reducirse a poboación en conxunto nun 15 %. Corresponden a todas as provincias. Pero algunhas, singularmente en Ourense (Terra de Caldelas) ou Pontevedra (A Paradanta), perderon un habitante de cada tres. Para esta Galicia baleirada as súas políticas deseñan un futuro extremadamente complicado: as previsións do IGE son de que perderán un 20% da súa poboación nos 15 vindeiros anos. Algunhas (Viana, a Baixa Limia, Celanova, Ancares, Ortegá, a Terra de Soneira, ...) mais. É unha Galicia de persoas maiores, de pensionistas. Con tantas persoas percibindo unha pensión como afiliadas á Seguridade Social. A 20 puntos de distancia en renda por habitante da media de Galicia. E que perdeu con vostede nestes anos emprego a un ritmo tres veces superior á do conxunto de Galicia.

Nesta Galicia apenas nacen nenos. Na Terra de Caldelas, 10 no último ano. Na Terra de Trivés ou a comarca de A Fonsagrada, 14. E cando nacen ven que as escolas péchanse por falta de efectivos; e cando chega o tempo de ir ao Instituto comprobán que carecen de transporte público adecuado. E que para socializarse teñen tamén que desprazarse ás cidades. Cando chegan á idade adulta as posibilidades de atopar emprego alí onde viviron son moi limitadas e se deciden emprender ou montar unha empresa atópanse coas dificultades de comunicacións, con que o wifi non marcha ben ou con que fallan os profesionais necesarios. E a reordenación das áreas sanitarias introduce incerteza sobre a calidade dos servizos sanitarios próximos. Realmente, en moitas comarcas a única industria que funciona ben é a dos tanatorios.

Non chega con reducir impostos. Non nos opoñemos a mellorar as condicións tributarias nesta Galicia baleirada. Simplemente, non é dabondo. Pedimos



resultados. Nin as medidas da Xunta de Galicia funcionaron nin ten nada diferente que ofrecer para o futuro. Nin os Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense deron resultados apreciábeis. ¿É posible ter hoxe xa un balance dos mesmos? ¿Funcionaron ou non funcionaron? Nin os préstamos do IGAPE chegan a estas comarcas. ¿Cantos préstamos IGAPE foron concedidos nos últimos 3 anos nestas comarcas da marcha atrás? (0) Nin o investimento da Xunta de Galicia nos últimos anos está orientado á corrección dos desequilibrios.

Fai falla decisión e perseverancia. Fai falla planificación e profesionalidade. Fai falla actuar nos servizos básicos, nas infraestruturas de comunicación, no apoio ás iniciativas emprendedoras, na atracción de investimentos. Non é imposible reverter a situación, a medio e longo prazo. Nalgúns territorios europeos conseguírono. Só lle pedimos ao goberno galego que abandone as receitas pouco eficaces. Que revise, aquí tamén, as políticas que condenan a unha morte rápida á Galicia baleirada. A Galicia da marcha atrás non pode agardar....porque en 15 anos non quedará en moitas comarcas apenas xente para ter conta do territorio.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que balance fai da evolución dos desequilibrios territoriais nos últimos 10 anos?
- 2.<sup>a</sup>) Que balance fai dos Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense?
- 3.<sup>a</sup>) Está disposta a Xunta de Galicia a establecer medidas de impulso específico para as comarcas en grave regresión demográfica?

Pazo do Parlamento, 29 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Teresa Porritt Lueiro  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/08/2019 11:46:05**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 29/08/2019 11:46:19**



## Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Que temos unha crise demográfica de carácter estrutural é una evidencia. Que esta crise agravouse nos últimos 10 anos, tamén. Segue a ser preocupante a saída neta de mozos e mozas ao resto de España. Continúa caendo o número de nacementos. Proceso acumulativo, porque á baixa propensión á natalidade súmase que as xeracións en idade fértil son cada vez máis reducidas. Temos unha “fecundidade moi baixa entre as baixas”, singular polo seu nivel entre as rexións europeas.

Fíxese na gravidade do balance: en 2008 naceron 23.175 nenos. En 2018 a cifra estará ao redor de 17.000. Unha caída superior a un 25%. Nun asunto que o goberno galego asegurou sempre que era central, básico, senlleiro para o futuro de Galicia. Este é un dos maiores fracasos da Xunta de Galicia. Aprobouse neste Parlamento un Plan estratéxico 2010-2014 que colocaba o incremento do número de nacementos entre as súas prioridades. ¿Cal foi o seu balance? Aprobouse a continuación un Plan de revitalización demográfica que nós refugamos daquela porque erraba no diagnóstico e non se comprometía nas políticas públicas adecuadas. Era un erro pensar que había que convencer ás parellas ou ás mulleres de que era bo ter máis fillos. En Italia retiraron un plan similar ao ser conscientes do despropósito.

As mulleres queren 2 fillos e só teñen 1, en media. O sensato era crear as condicións para que fose posible unha natalidade próxima ao reempazo. E iso supuña un cambio radical nas políticas públicas. Que o Goberno galego non quería facer ¿Cal foi o balance deste Plan? Cremos que só reforzando os dereitos das mulleres é posible facer compatible a natalidade voluntaria coa igualdade de xénero máis plena. As mulleres, as familias desexan en Galicia en media ter o duplo de fillos que teñen hoxe realmente. O que nos colocaría en vías de solución para a crise demográfica que hoxe padece Galicia. As mobilizacións do





8 de marzo contribúen a visibilizar a desigualdade e a colocar na axenda pública, moi arriba, as políticas para a igualdade de xénero.

Pero cómpre trasladar ese impulso social ás decisións políticas. No ámbito que nos ocupa compre actuar: en emprego, en conciliación, en política social e de igualdade, en corresponsabilidade. Son en grande medida estas políticas da responsabilidade directa da Xunta de Galicia.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Que balance fai a Xunta de Galicia do Plan estratéxico 2010-2014 e do Plan de revitalización demográfica que o continuou?

2.ª) Seguen a considerar que pode resolverse a crise de natalidade con campañas de publicidade?

3.ª) Están dispostos a promover un cambio de estratexia nas políticas públicas en emprego, en conciliación, en política social e de igualdade de xénero, en corresponsabilidade?

Pazo do Parlamento, 29 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Teresa Porritt Lueiro  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/08/2019 11:45:32**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 29/08/2019 11:45:45**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presentan as seguintes **Preguntas** para a súa **resposta oral na Comisión 1ª**.

Mediante resolución do 9 de agosto, publicada no DOG o 27 de agosto, convocouse un curso de prevención de riscos laborais para o persoal dos servizos de prevención e defensa de incendios forestais.

Mediante un convenio de colaboración subscrito entre un sindicato e a EGAP sobre actividades de formación, divulgación e investigación ofértase este curso só para o empregado público da Administración da Comunidade de Galicia en servizo activo ou que prestase servizos no ano 2019, así como os que estivesen de permiso por maternidade/paternidade, adopción ou acollemento ou excedencia por coidado de fillas/os ou familiares.

A matrícula só se pode facer de xeito telemático, e só en 10 días, é dicir, ata o 10 de setembro. Os cursos desenvolveranse de xeito presencial en diferentes localidades, nestas datas:

- Coruña, A (I): de luns a mércores, 23, 24 e 25 de setembro. Horario: 9.00 a 14.20 h. Prazas: 35.
- Coruña, A (II): de luns a mércores, 30 de setembro e 1 e 2 de outubro. Horario: 16.00 a 21.20 h. Prazas: 35.
- Lugo (I): de luns a mércores, 23, 24 e 25 de setembro. Horario: 9.00 a 14.20 h. Prazas: 20.
- Lugo (II): de xoves a sábado, 26, 27 e 28 de setembro. Horario: 9.00 a 14.20 h. Prazas: 20.
- Ourense (I): de luns a xoves, 7, 8, 9 e 10 de outubro. Horario: 17.00 a 21.00 h. Prazas: 20.
- Ourense (II): de luns a xoves, 14, 15, 16 e 17 de outubro. Horario: 17.00 a 21.00 h. Prazas: 20.
- Pontevedra: de mércores a venres, 16, 17 e 18 de outubro. Horario: 16.00 a 21.20 h. Prazas: 20.
- Porriño, O: de mércores a venres, 23, 24 e 25 de outubro. Horario: 15.30 a 20.50 h. Prazas: 20.



– Santiago de Compostela: de luns a mércores, 7, 8 e 9 de outubro. Horario: 9.00 a 14.20 h. Prazas: 20.

Porén todos estes cursos celebraranse no mes de setembro e outubro, cando inda o risco de lumes é moi alto.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

- 1.- Considera a Xunta normal que se realicen estes cursos no mes de setembro e outubro cando inda son uns meses de risco medio-alto?
- 2.- Por que non se realiza por parte da Xunta un calendario formativo nos meses de menos actividade para este colectivo? É necesario que o curso se realice de xeito presencial? Non pode facerse a través da plataforma de teleformación?
- 3.- Considera a Xunta suficiente este curso para todo o persoal do servizo contra incendios?
- 4.- Considera a Xunta que o número de prazas é suficiente para todo o persoal que traballa no servizo de defensa e protección contra incendios?

Santiago de Compostela, a 29 de agosto de 2019.

Asdo: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada, deputado e voceiro do G.P. Mixto



**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 29/08/2019 11:43:40**

**Paula Vázquez Verao na data 29/08/2019 11:43:52**

**David Rodríguez Estévez na data 29/08/2019 11:44:04**



## Á Mesa do Parlamento

**Martin Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mourinho Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a as súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Pública, Medio Ambiente e Servicios**

A Xunta de Galicia está a apostar por unha transformación integral do sistema de transporte público por estrada que, ademais de garantir a prestación dun servizo público básico, permitirá mellorar a súa calidade e conseguir unha mellor cobertura territorial, especialmente no rural.

Este inxente e transcendente traballo estase a levar a cabo co obxectivo claro de que os cidadáns dispoñan dun transporte público competitivo, eficiente e útil, que responda ás súas demandas e necesidades de desprazamento, e garanta a igualdade de oportunidades a todos os cidadáns.

Esta transformación estase a facer a través do Plan de Transporte Público de Galicia, que incide na modernización do transporte, na estabilidade laboral e, sobre todo, na mellora do servizo, principalmente no rural, multiplicando as liñas, paradas e frecuencias do transporte regular, coa posta en marcha do transporte escolar de uso compartido, onde a atención aos alumnos está blindada, xa que os alumnos son o prioritario.

Ademais da mellora, modernización e actualización do servizo de transporte por estradas, o Goberno Galego tamén está a realizar importantes investimentos co obxectivo de dotar aos cidadáns de mellores equipamentos de transporte.

A isto responden, por exemplo, as estacións intermodais que se están a impulsar nas grandes cidades galegas; tamén a mellora de refuxios nas paradas de transporte público; ou a renovación das estacións de autobuses, para mellorar o servizo que se lles presta aos viaxeiros e contribuír, deste xeito, á promoción dunha mobilidade máis respectuosa co medio, a través da utilización do transporte público de viaxeiros.

Nesta liña, no mes de xullo, coñecíamos que Xunta tiña iniciado a contratación da renovación e mellora de varias estacións de autobuses.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



- 1.- Como están a avanzar as actuacións que ten anunciado a Xunta para a mellora das estacións de autobuses da Comunidade?
- 2.- Ten pensado o Goberno galego actuar en máis estacións de autobuses nesta lexislatura?
- 3.- Que actuacións se teñen levado a cabo ata o momento no marco da mellora de refuxios que está a impulsar a Xunta?

Santiago de Compostela, 29 de agosto 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 29/08/2019 12:00:49**

**Gonzalo Trenor López na data 29/08/2019 12:01:28**

**Jaime Castiñeira Broz na data 29/08/2019 12:01:58**

**Jacobo Moreira Ferro na data 29/08/2019 12:02:43**

**Antonio Mouriño Villar na data 29/08/2019 12:02:52**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 29/08/2019 12:03:41**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/08/2019 12:04:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A política de descartes cero que establece a Política Pesqueira Común da Unión Europea choca frontalmente co denominado principio de estabilidade relativa.

Este principio, que data do 1983 (antes da entrada de España na UE), establece uns criterios de reparto das cotas de pesca baseados na actividade realizada nos caladoiros europeos dos 10 países que daquela formaban parte da Comunidade Económica Europea. Compre recordar que ditos criterios tomáronse nun momento no que non existía a obriga de desembarco de capturas.

Sempre defendemos a necesidade de evitar progresivamente os descartes de pesca en base a estudos rigorosos feitos especie por especie, caladoiro a caladoiro, buscando outras alternativas de pesca, e así o subscribimos nun Ditame do Consello Galego de Pesca sobre a reforma da Política Común de Pesca. Somos conscientes dos problemas que provocaría o feito de non poder descartar especies pola borda no caso de determinadas pesquerías mixtas, xa que se obrigaría a levar a porto todas as capturas efectuadas, incumprindo co actual sistema de Totais Admisibles de Capturas.

A determinación desta obriga a partir de 2019 e a posible insuficiencia do alcance das medidas de flexibilidade nos leva aos deputados e deputadas a formular as seguintes cuestións:

1. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia da implementación da política de descartes cero?
2. Que xestións e traballos ten feito este departamento a través de diversos plans co obxectivo de minorar a afectación á nosa frota?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2.019.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2019 12:31:45**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 29/08/2019 12:32:07**

**Martín Fernández Prado na data 29/08/2019 12:32:32**

**Alberto Pazos Couñago na data 29/08/2019 12:32:52**

**Marta Rodriguez Arias na data 29/08/2019 12:33:11**

**María Soraya Salorio Porral na data 29/08/2019 12:34:16**

**Daniel Vega Pérez na data 29/08/2019 12:34:32**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Ao longo do verán pasado produciuse unha importante “tormenta mediática” no eido do consumo de peixe logo de que as autoridades sanitarias decidisen aumentar a cinco días a recomendación para conxelar o pescado antes de consumilo, para diminuír o risco de infectarse co parasito do anisakis, tras detectarse supostos casos de contaxio en peixe que fora conxelado previamente.

O anisakis é un nematodo que parasita nos pescados e ao comelo pode adherirse ás paredes do estómago ou do intestino e producir lesións, ademais dunha serie de problemas dixestivos que poden chegar a ser moi graves.

Dende o primeiro momento, o sector pesqueiro galego considerou excesiva a alarma xerada, chegando a sinalar que se trata dunha campaña orquestrada e interesada que busca a baixada no consumo de peixe fresco de lonxa.

A resposta non se fixo esperar e a propia Consellería do Mar, xunto con mariñeiros, comercializadores e praceiros, trataron de neutralizar esta alarma social con campañas a través das redes sociais e dos propios medios de comunicación, xa que nun primeiro momento afectou ao consumo de peixe, principalmente de pescada.

Neste senso, vimos de coñecer proxectos moi interesantes polos cales as frota galegas de Vigo, Celeiro e Burela están a promover estudos e traballos para eliminar a bordo dos buques o parasito do anisakis, a través de diferentes sistemas.

Por todo o sinalado, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Que proxectos se están a desenvolver para combater de raíz o problema do anisakis?
- Que valoración fai destes sistemas e da implicación do sector nesta tarefa?



Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2019 12:47:02**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 29/08/2019 12:47:24**

**Martín Fernández Prado na data 29/08/2019 12:47:37**

**Alberto Pazos Couñago na data 29/08/2019 12:48:48**

**Marta Rodriguez Arias na data 29/08/2019 12:49:08**

**María Soraya Salorio Porral na data 29/08/2019 12:49:33**

**Daniel Vega Pérez na data 29/08/2019 12:49:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGsoeqGqVw47  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á pesca, así como do subministro de equipos que permitiron mellorar a comercialización a través da conservación das descargas, da súa trazabilidade ou da selección e etiquetaxe.

Estas actuacións foron posibles, en parte, gracias ao Fondo Europeo de Pesca, dentro do Programa Operativo aprobado para Galicia, a través da medida 3.3, destinada a portos de pesca, lugares de desembarque e fondeadoiros, dentro do Eixe 3, de medidas de interese público.

Gracias a este impulso, atendéronse a meirande parte das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos, polo tanto agradecemos dobremente ese traballo.

Hai que destacar a mellora ou a nova construción de lonxas e instalacións auxiliares nos peiraos co obxecto de mellorar as condicións de traballo dos profesionais do mar que desenvolven a súa actividade diariamente nestes espazos, sobre todo no relativo á comercialización, á trazabilidade e á seguridade alimentaria, entre outros aspectos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- 1.-Que balance fai a Consellería do Mar deste esforzo inversor acometido nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia?
- 2.-Cales foron os principais investimentos, desagregados por obras, subministros, servizos e convenios?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2019 12:59:30**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 29/08/2019 12:59:44**

**Martín Fernández Prado na data 29/08/2019 13:00:00**

**Alberto Pazos Couñago na data 29/08/2019 13:00:13**

**Marta Rodriguez Arias na data 29/08/2019 13:00:33**

**María Soraya Salorio Porral na data 29/08/2019 13:00:52**

**Daniel Vega Pérez na data 29/08/2019 13:01:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O mar é un elemento que define e caracteriza boa parte da riqueza da nosa particular “terra” e ademais é unha fonte de recursos moi prezada, pois arredor del configúrase un sector primario estratéxico a nivel económico, social e tamén cultural.

Galicia sempre foi unha potencia pesqueira e segue a ter na pesca un dos seus piares económicos que engloba non só á actividade propiamente extractiva, senón tamén a miticultura, a piscicultura, o marisqueo, a conserva e os transformados.

Sen embargo, coincidindo coa entrada na Unión Europea, a flota pesqueira entrou nunha dinámica de adelgazamento motivada en boa parte pola asunción das cotas de pesca que limitaban o esforzo pesqueiro dunha potencia neste ámbito como era Galicia.

Sabemos que a Consellería do Mar traballa día a día para precisamente que a nosa flota obteña maiores cotas de pesca e tamén somos conscientes da aposta que pola formación se fai dende este Departamento, así como das axudas existentes para adquisición de novas embarcacións.

Por todo o dito, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan o relevo xeracional no sector pesqueiro?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2019 12:53:50**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 29/08/2019 12:54:26**

**Martín Fernández Prado na data 29/08/2019 12:54:50**

**Alberto Pazos Couñago na data 29/08/2019 12:55:30**

**Marta Rodriguez Arias na data 29/08/2019 12:56:12**

**María Soraya Salorio Porral na data 29/08/2019 12:56:37**

**Daniel Vega Pérez na data 29/08/2019 12:56:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Xunta de Galiza está a levar a cabo a obra de rehabilitación do antigo Hospital Xeral para convertelo no edificio da Cidade da Xustiza. A obra foi adxudicada en febreiro de 2018 a Construtora San José con un prezo de adxudicación de 27,2 millóns de euros e un prazo de execución de 21 meses.

O DOG do 17 de agosto de 2017 publicou a adxudicación do “contrato correspondente á realización de diversos estudos e informes do complexo do antigo Hospital Xeral de Vigo para dedicalo a Cidade da Xustiza”. O contrato foi adxudicado á empresa Euroconsult, con un prezo de adxudicación de 105.996 euros, e incluía entre outros o “Estudo da estrutura e envolventes”.

A realidade da execución desta é que tivo que ser modificado o proxecto inicial polo que a Xunta de Galiza calificou como “contratempus” e que van supor un sobrecusto duns 11 millóns de euros.

O primeiro destes “contratempus” produciuse na fase previa de demolición de partes do edificio, xa que a aparición de amianto obrigou á súa retirada con un sobrecusto estimado de 800.000 euros, a engadir aos 2,23 millóns de euros do custo desta primeira fase.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A comezos de 2019 produciuse un segundo “contratempo”, neste caso derivado do mal estado das estruturas dos edificios anexos á torre do antigo Xeral (“estruturas metálicas deficientes e forxados sen capa de compresión”, en palabras do arquitecto director das obras, Alfonso Penela). Neste caso, a modificación do proxecto ten un custo estimado de 10 millóns de euros.

Semella evidente que este escandaloso incremento do custo das obras non é casual nin produto dunha situación sobrevida. Se se encargaron estudos e informes, entre eles o da estrutura e envolventes, parece obvio que neles tiveron que advertirse as deficiencias que obrigaron a unha modificación substancial do proxecto e a un incremento do custo das obras de máis do 30%.

So caben dúas opcións: ou os informes de Euroconsult, que tiveron un custo de 105.000 euros, non advertiron destas deficiencias, ou si o fixeron e non foron tidos en conta na redacción do proxecto. Calquera das dúas alternativas é moi grave e debe ser obxecto de responsabilidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que valoración fai o goberno galego dos sobrecostos de máis de 10 millóns de euros nas obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza?
2. Tiña coñecemento a Xunta de Galiza, previa a adxudicación das obras á Construtora San José, das deficiencias estruturais e construtivas que provocaron a modificación do proxecto e o incremento do custo en 10 millóns de euros?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Cal foi a valoración destes aspectos polos técnicos da consellería (especialmente os contidos no apartado 3.3.1 e subapartados, do prego de prescricións técnicas), incluíndo a situación das estruturas e envolventes, nos á vista dos informes e estudos encargados a Euroconsult en agosto de 2017, cun prezo de licitación de 105.000 euros?

4. Que avaliación fai a Xunta de Galiza do estudo realizado por Euroconsult e considera necesario dirimir responsabilidades polo sobrecoste producido?

5. Tivo coñecemento o arquitecto autor do proxecto dos estudos e informes realizados por Euroconsult?

6. Cal vai ser o custo final das obras de rehabilitación do edificio do Hospital Xeral e do seu acondicionamento como edificio xudicial?

7. En que prazo estima o goberno galego que estará rematado o edificio?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 13:06:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 13:06:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 13:06:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 13:06:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 13:06:41**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 13:06:49**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O furtivismo é unha lacra que afecta a toda a sociedade no seu conxunto, xa que por unha banda menoscaba á economía no sentido en que laboralmente afecta aos profesionais ao minorar os seus ingresos pola minoración dos recursos e a baixada de presos por sobreoferta de produto, comercialmente dana a propia imaxe dos produtos, que ven como aqueles que foron obtidos e comercializados sen as debidas garantías suplantan a súa valía e aproveítanse do bo traballo de moitos profesionais do mar e da cadea mar- industria.

Por outra banda, prexudica tamén á saúde pública porque esta falta de seguridade alimentaria pode provocar serios riscos de intoxicación e, por último, ao medio ambiente porque agrede aos recursos mariños que, segundo os casos, pode chegar a ser irreparable.

Resulta evidente que loitar contra esta situación é unha tarefa inxente que non pode ser abordada de forma unilateral polo Servizo de Gardacostas de Galicia e vese necesaria a coordinación de todos os medios dispoñibles, máxime cando o propio furtivismo ven acompañado en moitas ocasións por fenómenos coma a violencia contra o persoal de Gardacostas ou a dificultade de realizar controis en estradas.

Conscientes de que a Xunta de Galicia aposta por todos os medios ao seu alcance para erradicar esta actividade ilegal tan prexudicial para o conxunto da nosa sociedade, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.-Cales son os medios materiais e humanos dispoñibles pola Consellería do Mar para o control do furtivismo?
  - 2.-Que tipo de colaboracións con outras administracións existen neste ámbito?
  - 3.-Cal é o gasto orzamentario que se destina para este fin?
- Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2019 13:06:33**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 29/08/2019 13:06:51**

**Martín Fernández Prado na data 29/08/2019 13:07:03**

**Alberto Pazos Couñago na data 29/08/2019 13:07:31**

**Marta Rodriguez Arias na data 29/08/2019 13:07:44**

**María Soraya Salorio Porral na data 29/08/2019 13:08:08**

**Daniel Vega Pérez na data 29/08/2019 13:08:18**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A seguridade da navegación dos buques pesqueiros é unha prioridade para este goberno, como non podía ser doutro xeito. Ao longo desta lexislatura tomáronse medidas a favor da seguridade a bordo con axudas destinadas con cargo aos fondos FEP e FEMP para mellorar a eficiencia, reducir o custe enerxético, modernizar e mellorar as embarcacións.

Todas as medidas son poucas e sabemos que Portos de Galicia elaborou a finais de 2015 unha proposta para mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e das bateas que se encontran nas proximidades. Es proposta foi entregada a Fomento, concretamente a Puertos del Estado que é o organismo encargado da súa tramitación e aprobación.

Sen embargo, tamén somos conscientes da complexidade de adoptar unha medida que nunca se fixo antes, e que afectaría a un total de 3.300 bateas que se espallan por todo o litoral galego.

Por todo o anterior, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que consiste a proposta de mellora da sinalización luminosa feita por Portos de Galicia?
- 2.- Que prazos manexa a Consellería do Mar para que se leven a cabo estas melloras na sinalización de bateas e acceso aos portos?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2019 13:10:54**

**María Ángeles García Míguez na data 29/08/2019 13:11:09**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Martín Fernández Prado na data 29/08/2019 13:11:28**

**Alberto Pazos Couñago na data 29/08/2019 13:11:50**

**Marta Rodriguez Arias na data 29/08/2019 13:12:14**

**María Soraya Salorio Porral na data 29/08/2019 13:12:45**

**Daniel Vega Pérez na data 29/08/2019 13:12:54**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal**, deputado do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 6.<sup>a</sup>**, relativa ás concesións de centrais hidráulicas en Galicia.

Os principais investimentos en aproveitamentos hidroeléctricos en España e en Galicia realizáronse ao longo do século XX. Hoxe estes son xa un sistema totalmente consolidado e efectivo de xeración de enerxía renovable. Esta enerxía representa, segundo os datos de Rede Eléctrica de España, un 20% da potencia instalada. Practicamente todos os investimentos realizados en aproveitamentos hidroeléctricos responden ao modelo «investimento-concesión». Así, a cambio do investimento privado outórgase aos promotores unha concesión de augas cunha duración de entre 50 e 75 anos. Ao finalizar este prazo, as instalacións deben reverter ao Estado. Esta particularidade confírelle á produción de enerxía hidroeléctrica un dobre carácter, esencialmente público. Por unha banda, a orixe da enerxía está na auga, que é un ben de dominio público. Xunto a iso, as instalacións teñen como fin último a reversión ao patrimonio público da Administración.

O modelo de investimento-concesión segue vixente para novos proxectos hidroeléctricos, como os denominados «saltos reversibles», nos que as empresas deben concentrar agora os seus proxectos de investimento. Outra das características da enerxía hidroeléctrica, é que xeralmente a súa produción xérase en zonas deprimidas de montaña, rurais e inmersas nun proceso de despoboamento. E con todo a importante riqueza que se xera non repercute significativamente no territorio, un territorio obrigado a soportar as consecuencias que este tipo de infraestruturas traen consigo. Así, o asumir certas servidumes ou o risco potencial que levan algunhas instalacións non se traduce



na reversión “tan necesaria” nestas zonas. Hoxe os prazos daquelas primeiras concesións están a finalizar. Pero obsérvanse disfuncións administrativas no proceso de reversión. Ademais xurdiu a demanda social de reverter ao interese público os beneficios que van volver ao Estado, e a necesidade de que estes xoguen un papel crave na transición enerxética e no desenvolvemento dos territorios que ven afectados os encoros.

En canto ás disfuncións administrativas cabe destacar a falta de dilixencia na tramitación dos expedientes de reversión. A primeira reversión dun salto hidroeléctrico en España non se produciu ata 2013 e chegou con atraso respecto da data de finalización do prazo de concesión. Están a darse casos nos que o Ministerio tarda dezaioito meses en tramitar a caducidade dos expedientes de reversión e deixa sen ditar a resolución final do procedemento. Esta falta de dilixencia permite que o concesionario siga explotando o salto hidroeléctrico e obtendo ingresos millonarios máis aló do prazo que lle outorga a concesión. Tamén debe destacarse a falta de políticas públicas unha vez se alcance a reversión do salto. Este queda baixo a xestión provisional do organismo de conca correspondente, pendente dun contrato de servizos ou concurso público de explotación. O modelo investimento-concesión xa non se adapta a estes saltos revertidos. Estes, que deben devolverse polo concesionario en adecuadas condicións de funcionamento, requirirán unha xestión técnica para a que se debería ir preparando a Administración pública sendo ademais os beneficios de titularidade pública revertidos nas zonas afectadas. De feito actualmente xa existen exemplos deste modelo de xestión a nivel estatal, autonómico e local. Ademais, tras diversas sentenzas condenatorias a empresas xestoras de centrais hidroeléctricas pola manipulación da poxa eléctrica, faise necesario incluír nos pregos das concesións o cumprimento de consígnalas no operador do sistema para evitar os devanditos abusos e permitir unha maior penetración de enerxías renovables.

O tema clave é a falta de políticas na reversión de saltos. É necesario o deseño dunha política xeral de ámbito territorial en relación cos beneficios que xera un





ben de dominio público como é a auga. Unha política que debe enfocarse a medio prazo, xa que os procesos de reversión de centrais sucederanse de forma progresiva durante as próximas décadas. Os destinatarios dos beneficios que xeran estas políticas de reversión deben ser os cidadáns, en primeiro termo, para a restitución económica e social dos territorios afectados polas instalacións hidroeléctricas. Deben contemplarse fins de utilidade pública ou interese social xeneral que melloren o benestar dos cidadáns en todos os ámbitos: social, cultural e de economía sustentable.

E non menos importantes son as cuestións ambientais que xorden na reversión, desde saltos que xa non son rendibles e son abandonados nos nosos ríos ata a necesaria adaptación dos saltos a novos caudais ecolóxicos.

No caso de Galicia desde hai décadas as compañías privadas xestionan en Galicia 148 centrais hidroeléctricas. Fano baixo o réxime de concesións, que empezaron xa a caducar nalgúns casos. Nos próximos dez anos o prazo de permiso para explotar os ríos galegos terminárase en 15 saltos de auga, e en 4 deles xa o fixo recentemente. Pero nin a Xunta nin o Goberno central se plantexan, de momento, xestionar publicamente estas centrais para que os seus beneficios revertan na sociedade.

En Galicia dúas confederacións hidrográficas, a do Miño-Sil, dependente do Goberno central, e a de Galicia-Costa, da Xunta, son os organismos responsables das concas da comunidade. Ambas non se manifestan sobre os seus plans futuros para os saltos aos que lles vaia caducando a concesión.

O primeiro a tramitar é o prazo de extinción da concesión. As seguintes tramitacións deberían estar xa realizadas ou en proceso:

Na Confederación do Miño-Sil: a central minihidráulica de Enviande (río Enviande); A central De Castro Caldelas (río Edo); A central de Castadón Hervidoiro (río Loña); a central de Vilachán (río Vilachán) e a central de Cabo (río Deva).



Na de Galicia-Costa: as de AH Fervenzas (río Vexo), CH Gümil (río Lambre) e CH Castelá (río Mandeo).

A lexislación obriga a realizar durante este trámite un informe para determinar se as instalacións seguen sendo viables e poderían continuar aproveitándose.

As 15 concesións que caducaron ou o farán nos próximos 10 anos en Galicia son minicentraís. Non é o caso da central de Os Peares con concesión desde o ano 1910 que xa debería ser revertida á propiedade pública, pero en 2009 o Goberno do partido socialista decidiu blindar a Gas Natural Fenosa para que puidese seguir explotando ata 2059 esta central.

Ante a falta de información suficiente sobre a situación das concesións de centrais hidráulicas e as actuacións da Xunta de Galicia neste eido, O Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

- 1.- En que situación se encontran os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos en Galicia-Costa caducados ou próximos a caducar?
- 2.- Teñen información do Goberno do Estado sobre a situación dos expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos caducados ou próximos a caducar na Confederación Miño-Sil?
- 3.- Está a Xunta de Galicia a desenvolver algún estudo, proxecto ou iniciativa para poder asumir no seu momento a xestión das centrais con concesións caducadas ou próximas a caducar?
- 4.- Cantas e cales centrais hidráulicas en Galicia teñen cláusulas sociais nas súas concesións?
- 5.- Ten a Xunta de Galicia información de como se están xestionando os rendementos das cláusulas sociais mencionadas na pregunta anterior?



6.- Está a Xunta de Galicia realizando algunha xestión ante a administración do Estado para que as concesións de centrais hidráulicas caducadas ou próximas a caducar, nas Confederacións dependentes do Estado, pasen a ser xestionadas pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Deputado do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 13:23:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da dramática situación laboral da mocidade galega.

Os datos da situación laboral da mocidade galega mostran unha imaxe de devastación.

Todo o emprego que se perdeu nos últimos dez anos foi entre os menores de 35 anos onde tamén descendeu máis o salario medio anual. Son os que teñen os ingresos máis baixos e son os que máis descendieron en número neste período: reduciuse fortemente o número de traballadores/as con menos de 18 anos, concretamente un 49,4%, pero aínda se reduciron máis os ingresos salariais deste grupo, xa que a caída dos mesmos foi do 69,1%, cunha caída de ingresos de 1.347 euros/ano.

Entre os 18 e os 35 anos, descendeu o emprego asalariado máis dun 30%, 142.000 persoas menos, e entre os traballadores/as con idades comprendidas entre os 18 e 25 anos os seus salarios descendieron un 21,4%, 1.783 euros/ano menos.

No caso dos traballadores e traballadoras de entre 26 e 35 anos o descenso do salario medio anual foi do 7,3%, 1.112 euros/ano menos. Até os 25 anos os asalariados/as galegos acadaron uns ingresos inferiores ó SMI.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As 302.233 persoas traballadoras menores de 36 anos non acadan o salario medio anual galego. .

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que iniciativas ten tomado o Goberno galego para impedir a precariedade laboral da mocidade galega?

Considera acaído o Goberno galego que con cartos públicos se financie a precariedade laboral da mocidade galega?

Considera que é emprego digno e de calidade o emprego xuvenil baseado en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo?

Que valoración fai das actuacións que realizan as ETTs?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 13:23:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 13:23:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 13:23:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 13:23:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 13:23:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 13:24:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Vai ser preciso comezar dicindo que o xabaril é un animal omnívoro que nesta condición, á hora de se alimentar non diferencia entre horta ecolóxica, horta convencional ou cultivos forraxeiros.

Quen si establece diferenzas no trato e nas apreciacións é a Consellería de Medio Ambiente cando de medidas de prevención e ou valoracións de danos ocasionados por este animal se trata. Principalmente se falamos da agricultura de Horta Convencional.

En diferentes ordes de decembro de 2018 sácanse axudas públicas para a prevención e os danos ocasionados pola fauna salvaxe, nomeadamente lobo e xabaril e velaí algunhas das estrañas anomalías:

*“O xabaril mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do Medio en que se*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*desenvolve.*” Realmente pode alguén no seu sán xuízo medioambiental afirmar tamaña barbaridade falando de equilibrio biolóxico e poboacional?

No artigo 3 da orde do 7 de decembro entre as persoas beneficiarias, no apartado *a* figuran as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril, inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) ou de autoconsumo.

Nas Mariñas coruñesas, dun total de 240 explotacións de horta so están inscritas neste rexistro sete ó aire libre e dúas a cuberto... Temos por tanto un problema co REAGA en canto á súa utilidade e como referencia e condición para a concesión de axudas a non ser que o que se persiga sexa poñer impedimentos para non gastar.

#### **Artigo 5:** Comunicación do dano.

1.No prazo máximo de 72 Horas.....E aqueles agricultores que teñen as fincas, distanciadas unhas de outras, poñamos por caso 10 ou 15 kms, que fan? Montan garda ou fan patrullas diarias?

#### **Artigo 6:** Importe das axudas.

*O importe máximo por persoa beneficiaria e ano establécese en 1.650,00€.....*

Falamos en serio cando en horta convencional os danos poden ascender a miles de euros?

#### **Artigo 7:**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*d) Declaración do título que posúe para a utilización do terreo en que se producen os danos..*

*e) Referencia (SIXPAC) das parcelas con cultivos afectados por danos producidos polo xabaril, indicando a superficie declarada na solicitude única da PAC do ano 2018..*

Con este punto exclúense un 70% das explotacións de horta profesional en Galicia, que non teñen dereito a unha subvención da PAC.

Tampouco teñen contrato de arrendamento, non o necesitan por non teren que xustificar axudas de superficie. Ademais moitos dos propietarios das parcelas traballadas non teñen interese ningún en facer ningún tipo de contrato, déixanse para traballar polo interese de ter limpas as fincas....

No DOGA nº 5 do martes 8 de Xaneiro do 2019 que trata das axudas á prevención de danos vólvese incorrer nos mesmos erros e faltas de consideración e coñecemento do sector antes citado. Así no Artg.14, criterios para a concesión da axuda, os prazos dun mes para o xabarán son ridículos e o que colma o vaso do descoñecemento é na baremación:

*--4.Titulares de explotacións agrarias que teñan contratada unha liña de aseguramento que inclúa como RISCOS asegurables os danos aos cultivos agrarios ocasionados por animais silvestres: 5 puntos*

Claro que os construtores do entramado destas liñas de axudas tampouco caeron na conta que os seguros agrarios de Horta non son compatibles cos ciclos de horta en Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Que fontes se consultaron e onde se recabaron os datos para a redacción destas ordes de axuda?

-Que pasos se seguen na confección dos diferentes apartados destas ordes de axuda á prevención de danos e de axuda ós danos ocasionados pola fauna silvestre nomeadamente lobo e porco bravo?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 13:40:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 13:40:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 13:40:51**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 13:40:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 13:41:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 13:41:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as obras desenvolvidas na Serra de Oribio (O Courel) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

A Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (Adega) e a Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) denunciaron publicamente e tamén diante do SEPRONA, a Consellaría de Economía e Industria e a Consellaría de Cultura, as obras que se están a desenvolver na Serra de Oribio (O Courel). As obras están a danar e pór en risco bens patrimoniais, algúns catalogados, como o Camiño Real –que outrora conectou Vilafranca con Monforte-- a mámoa de Fial ou as Ventas da Braña, do Retorno ou o Portazgo do Oribio (antigo lugar de dereito de paso).

De acordo coa información proporcionada por ambas as dúas entidades, as obras poderían facer parte do proxecto de construción dun parque eólico pola empresa Fergo Galicia Vento S.L. Porén, a entidade non contaría coas autorizacións pertinentes ao ter solicitado unha modificación no proxecto inicial aínda non resolta pola Consellaría de Industria.

Para o Grupo parlamentar do BNG sería gravísimo que a Xunta de Galiza, sendo coñecedora destes feitos non tivese actuado para protexer o patrimonio cultural galego. No entanto, máis grave sería que unha empresa estivese a traballar de maneira ilegal, sen autorización e cunha Declaración de Impacto ambiental caduca sobre un espazo





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

natural protexido como zona de conservación da ZEC Ancares-Courel, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) e, por tanto, zona de Rede natura 2000.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- As obras denunciadas por Adegas e SGO na Serra de Oribio correspóndense co proxecto de construción dun parque eólico?

- De ser así, conta a empresa promotora con todas as autorizacións e documentación para levar a cabo os traballos?

- Conta coa debida Declaración de Impacto ambiental e con autorización da Dirección Xeral de Patrimonio?

- Ten verificado a Xunta de Galiza os danos que tería causado a maquinaria sobre o patrimonio cultural, nomeadamente o Camiño Real, a mámoa de Fial ou as Ventas da Braña, do Retorno ou o Portazgo de Oribio?

- En que estado se atopan e que medidas ten adoptado ou pensa adoptar para a súa protección da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2019 18:44:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/06/2019 18:45:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2019 18:45:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/06/2019 18:45:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/06/2019 18:45:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2019 18:45:34**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 6.<sup>a</sup>**, relativa a desenvolver un estudo sobre os períodos de caducidade das concesións hidráulicas en Galicia.

Os encoros galegos con produción hidroeléctrica teñen unha potencia instalada que alcanza os 3.701 MW. Esta cifra sitúa a Galicia no 2º posto entre as CC.AA. e a súa potencia instalada representa o 21,7% de toda a península. A xeración hidráulica dos encoros varía segundo o ano hidrolóxico: nun bo ano como o 2016 alcanzou os 9.814 GWh (18% da xeración hidráulica total do Estado); baixando nun ano de seca como o 2017 aos 3.308 GWh.

Galicia conta co 5,4% da capacidade total peninsular de auga embalsada (2.534 Hm<sup>3</sup>), o que a sitúa na 6ª posición a nivel do Estado. O encoro máis antigo de Galicia data de 1949 (A central de As Conchas); a finalización da súa concesión se producirá en 2024. Outros 4 dos grandes encoros galegos produtores de enerxía eléctrica rematan a súa concesión na década dos anos 20. Na década dos anos 30 serán 9 as grandes centrais con concesión caducada.

En Galicia operan 2 demarcacións hidrográficas integramente no territorio do noso País: Galicia Costa (xestionada por Augas de Galicia) e Miño Sil (xestionada polo Estado) e dúas compartidas: Cantábrico e Douro.

A enorme importancia deste potencial de produción eléctrica para a Transición Enerxética Sustentable, coa máxima soberanía de Galicia, esixe ter a maior cantidade posible de información para poder desenvolver políticas e estratexias de futuro.



Unha información capital é o período de caducidade das concesións hidroeléctricas, para planificar con tempo suficiente as propostas de actuación desde Galicia e así evitar decisións do Estado claramente prexudiciais para o interese xeral de Galicia como a ampliación por 75 anos do período de concesión da Central de Os Peares ditaminada polo Goberno de Zapatero sen ningunha alegación nin oposición do Goberno da Xunta de Galicia. Sen esta ampliación Os Peares revertería ao público en 2030. 181 MW que poderían dar subministración a máis de 50.000 fogares.

Así mesmo habería que desenvolver argumentacións e ditames xurídicos para poder contrarrestar as esperables argucias xurídicas das compañías eléctricas para tentar manter as concesións mais alá do período máximo.

A este fin, O Grupo Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Está Xunta de Galicia desenvolvendo algún tipo de estudo xurídico en profundidade que concrete os períodos de caducidade das concesións de todos os encoros con produción eléctrica no territorio de Galicia, así como calquera condicionante que puidera afectalos?

2.- En concreto está a Xunta de Galicia poñendo en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que a central de As Conchas pase a xestión pública no ano 2024, é trasladar esta exixencia ao Goberno do Estado?

3.- Do mesmo xeito está a Xunta de Galicia poñendo en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que as minicentrais que xa se encontran en período de caducidade ou o farán nos próximos anos pasen a xestión pública?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.







**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 13:51:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**.

Os concellos do Macizo Central salientan, para alén do seu indubidábel valor ambiental e natural, polo seu valor patrimonial, de forma especial polo seu legado románico mais tamén polo doutras épocas que constitúen unha importante rede arquitectónica que debe ser obxecto de protección e posta en valor.

Dentro desta importante rede salienta o Mosteiro de Montederramo. Coñecido como Mosteiro de Santa María de Montederramo, goza de catalogación como BIC desde o ano 1951. Porén, como en tantos outros casos, isto non supuxo unha implicación activa por parte dos poderes públicos para o seu mantemento.

Recentemente, en marzo de 2018 asinábase un convenio entre a Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza e o Concello de Montederramo polo cal se irían investir un total de 435.150 euros nunha serie de actuacións presuntamente contempladas no Plan Director do Mosteiro de Montederramo (finalmente licitadas por 387.514,21€). Fundamentalmente, segundo informaba a Xunta de Galiza, encamiñadas a mellorar a accesibilidade deste ben. Na información pública da Xunta de Galiza ao respecto informábase das seguintes cuestións: “Deste xeito, procederase ao acondicionamento da sancristía co renovado de instalacións, eliminación de humidades do terreo, restauración das carpinterías e mellora da ventilación e á restauración das plantas baixa e alta do





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

claustro seglar. Nesta última incorporárase unha plataforma elevadora para garantir a accesibilidade ao coro.

Así mesmo realizaranse melloras no espazo da escaleira reglar, a limpeza de paramentos, da bóveda, a renovación de rexuntados, das carpinterías e nova instalación eléctrica e de iluminación.

No patio do claustro realizarase unha intervención no cumio da cuberta do patio para reducir o soleamento e mellorar a ventilación dese espazo no verán para evitar o efecto invernadoiro. Tamén se colocarán toldos e lonas móbiles para tratar convenientemente a radiación e a acústica do recinto. Na sala capitular realizaranse labores de limpeza e repaso dos paramentos e bóvedas, e renovaranse as instalacións e restauraranse as carpinterías. Finalmente colocarase un ascensor no vestíbulo que conecta os claustros e reordenaranse os aseos que existen nesa zona.”

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental o investimento na conservación e accesibilidade do noso patrimonio. Porén, neste caso en concreto este Grupo Parlamentar ten recibido queixas sobre as actuacións encamiñadas ao baleirado que presuntamente terían danado relicarios, bancos e outros elementos do interior do mosteiro de grande valor patrimonial e que deberían ter sido catalogados e conservados.

Así mesmo, constan queixas sobre a cronoloxía da intervención, de forma que a coincidencia entre a mesma e o período estival non parece o máis adecuado para minorar o impacto negativo que poida ter nas visitas turísticas á zona tendo en conta que, de non estar accesíbel este monumento moitas persoas xa non se achegarán á localidade. Cabe sinalar tamén que respecto da situación de apertura ou non do Mosteiro a información turística é errática pois (no momento de asinar esta iniciativa) aparece en páxinas oficiais xa Xunta de Galiza tanto que está aberto como que está pechado como que estará pechado a partir do 26 de xuño.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todas estas cuestións, e debido á preocupación e incerteza existente na localidade de Montederramo nestes momentos, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Cal é a valoración da Xunta de Galiza respecto da intervención no Mosteiro de Montederramo?

Coñece a Xunta de Galiza a posibilidade de que existiran actuacións encamiñadas ao baleirado que presuntamente terían danado relicarios, bancos e outros elementos do interior do mosteiro de grande valor patrimonial e que deberían ter sido catalogados e conservados? Que vai facer ao respecto?

Desenvolveu a Xunta de Galiza a través da Dirección Xeral de Patrimonio ou outro mecanismo unha catalogación previa á intervención respecto dos bens incluídos no Mosteiro? Inspeccionará a zona para garantir que foron respectados?

Considera o goberno galego adecuado demorar ao período estival estas actuacións?

Cales son as causas da demora, tendo en conta que o convenio co concello foi asinado en marzo do 2018 e a licitación en novembro de 2018?

Canto tempo estará pechado ao público de forma total o Mosteiro? E de forma parcial?

Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto negativo que isto pode ter no sector hostaleiro e turístico da zona? Que vai facer para paliar ese impacto, de constatalo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a valoración do Plan Director do Mosteiro? Considera a Xunta de Galiza un erro a falta de participación social na súa redacción? Cales son as razóns que xustifican a falta de transparencia respecto deste?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2019 12:39:15**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2019 12:39:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2019 12:39:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2019 12:39:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2019 12:40:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2019 12:40:27**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa do seu deputado, **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta na **Comisión 6.<sup>a</sup>**, relativa á **intervención da Xunta de Galicia nas negociacións para dar unha solución ao Concurso de Acredores de Isowat Coruña**

Despois da aprobación por unanimidade no Parlamento de Galicia dunha iniciativa para instar a Xunta de Galicia a intervir ante o maior acredor do Concurso de Acredores de Isowat, e da renovación por tres meses do ERTE, o 26 de xuño, por parte da xuíza do mercantil responsable do concurso, non parece que estas xestións estean a dar resultados.

Ante a o próximo remate do prazo mencionado **O Grupo Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:**

- 1.- Que xestións leva realizadas a Xunta de Galicia ante o acredor principal, Abanca, e co posible inversor?
- 2.- Que resultados se obtiveron desas xestións?
- 3.- Considera a Xunta de Galicia que se atopará unha solución ao Concurso de Acredores antes de rematar o prazo de tres meses outorgado pola xuíz?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019



Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 13:56:59**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

No Pleno do Parlamento Galego do día 13 de marzo de 2019, aprobouse unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego relativa ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega co seguinte texto.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega:

1. Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.
2. Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.

4. Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas

5. Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

Polo tanto formúlanse as seguinte preguntas para resposta escrita para avaliar o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a incorporación cláusulas de igualdade dando cumprimento aos acordos impulsados o 13 de marzo de 2019?

Está a traballar o goberno galego para definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade? A través de que organismos?

Designou xa a Xunta de Galiza unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade? Ten valorado como o vai facer? E en que prazos?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai impulsar o goberno galego accións para Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno? De que forma?

Que planificación ten o goberno respecto de remitir á Cámara Galega un informe anual sobre estas cuestións?

Ten avaliado o goberno galego a capacidade do marco legal sobre contratación pública para impulsar o establecemento de cláusulas de igualdade?

Ten contrastado a Xunta de Galiza experiencias doutros gobernos nesta liña? Con que resultado?

Por que non dá resultado a guía para unha contratación pública socialmente responsable? Considera que ten suficiente perspectiva de xénero?

No Decreto en materia de igualdade faise algunha referencia como no artigo 67 que dá preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade, como valora o seu cumprimento?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 14:00:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 14:00:34**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 14:00:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 14:00:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 14:00:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 14:01:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O campo de mámoas do Monte Cabeza, na Serra do Faro, foi deteriorado por labores de roturación con maquinaria pesada no outono de 2017.

Esta necrópole atópase entre os Concellos de Chantada (Lugo) e Rodeiro (Pontevedra), sendo un elemento catalogado no PXOM de Rodeiro.

Os elementos figuran catalogados coas seguintes referencias: GA36047074 (Monte Cabeza 1), GA36047075 (Monte Cabeza 2) e GA36047076 (Monte Cabeza 3).

Na zona sitúase o Parque Eólico do Faro, para cuxa instalación se procedeuse á limpeza, estudo e sinalización das mámoas, coa colocación dun panel informativo.

En toda a zona hai conxuntos de mámoas, algunhas en catalogar.

Dúas das tres mámoas das conservadas sufriron danos.

A veciñanza e persoas interesadas no Patrimonio alertaron aos Concellos de Chantada e Rodeiro sobre as actuacións, non tendo recibido resposta no caso de Chantada e indicando o Concello de Rodeiro que remitiría informe á Dirección Xeral de Patrimonio.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Recibiu a Dirección Xeral de Patrimonio algunha alerta sobre a situación das mámoas do Monte Cabeza?



- As actuacións de roturación no contorno das mámoas en outono de 2017 tiñan autorización de Patrimonio?
- Impulsou a Dirección Xeral de Patrimonio algunha actuación sobre a agresión ás mámoas de Monte Cabeza?
- Vai a Xunta impulsar algunha iniciativa para a mellora do contorno das mámoas do Monte Cabeza e da serra do Faro en xeral?
- Como valora a Xunta o estado de conservación das mámoas de Monte Cabeza?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Vero na data 27/08/2019 14:11:34**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A capela da serra do Faro, emblemático lugar de culto e tradición popular na comarca de Chantada e Camba, foi obxecto de numerosas intervencións arquitectónicas que alteraron, nalgún caso de xeito irreversible, o seu aspecto.

Estas actuacións foron realizadas por fases, e poden resumirse do seguinte xeito.

- Movemento de terras e instalación dun zócalo de pedra lousada sobre formigón no contorno da capela.
- Retirada da estrutura de madeira do século XVIII (quizais de 1800, no momento de remodelación da capela) que se situaba no interior, na ala norte, e que daba acceso ao espazo onde se gardaban as ofrendas. A parte do sur xa fora retirada hai anos.
- Instalación de caleiros ou canlóns de zinc, sen integración coa estética da contorna.
- Instalación do retellado sobre amianto.
- Precintado e lavado da pedra dos muros.
- Xanelas de aluminio (actuación pasada).

Alén dun elemento do Patrimonio cultural, atopámonos nunha zona LIC, Rede Natura e con vontade de ser incluída na proposta de reserva da biosfera Ribeira Sacra.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Contan todas as actuacións descritas coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio?

En que datas foron concedidas?

- Considera a Xunta acaídas todas as actuacións realizadas recentemente na capela do Faro?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/08/2019 14:22:15**





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

“Non hai planeta B”, manifestan milleiros de mozos e mozas europeas un venres cada mes. A nosa sociedade está na obriga de recoñecer a Emerxencia Climática; xa que logo, Galicia debe ser declarada en situación de Emerxencia Climática.

A Comisión Europea (baseándose nos datos da comunidade científica) ten recoñecido que os plans para cumprir co Acordo de París contra o cambio climático son insuficientes. O mundo ten diante o maior desafío da nosa época, que precisa dun novo *modus vivendi*. Cómpre aproveitar ese desafío da loita contra o cambio climático para actualizar paradigmas políticos de éxito e axeitalos á nova realidade mundial. Cómpre un novo pacto social apoiado na loita contra a desigualdade; a definición dun novo modelo económico baseado na sustentabilidade e no respecto á biosfera, da que depende a vida no mundo, e o establecemento dun marco normativo que inclúa a todos os sectores clave ademais do enerxético, tales como a agricultura, os residuos, a industria e o turismo.

Galicia é aínda unha das reservas verdes de España, polo que, dando exemplo, está na obriga de non quedar fóra dese novo acordo e de estar disposta a actuar coa urxencia necesaria. É preciso promover a toma de toda clase de accións reais para loitar, mitigar e nos adaptar á crise climática, coa asignación dos recursos necesarios para facer fronte a unha das maiores ameazas sobre a nosa democracia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Concorda o Goberno galego en que estamos na obriga de que a nosa comunidade sexa declarada en situación de Emerxencia Climática?
2. Que vai facer o Goberno para chegar a cero emisións netas no ano 2040?



3. Ten intención o Goberno de incorporar aos sectores clave na transición ecolóxica da economía (o enerxético, a agricultura, os residuos, a industria e o turismo)? Como? Cando?
4. Cando vai reformar o Goberno a fiscalidade galega, de maneira que incentive cambios nos comportamentos e aplique o principio de “quen contamina paga”?
5. Cando vai dotar de orzamento o Goberno á transición ecolóxica?
6. Vai mudar o Goberno o modelo enerxético galego para que sexa renovable, eficiente e estea en mans das persoas? Cando?
7. Vai garantir o Goberno o acceso universal e xusto á enerxía limpa mediante programas especiais para persoas en situación de pobreza enerxética? Cando?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/08/2019 11:11:54**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/08/2019 11:12:07**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/08/2019 12:17:51  
Nº Rexistro: 54381  
Data envío: 28/08/2019 12:17:51.793

**María Luisa Pierres López na data 28/08/2019 11:12:19**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

“Non hai planeta B”, rezan milleiros de xente moza un venres ao mes en Europa. Teñen asumido que debemos consumir menos, consumir de maneira diferente e de forma que reduzamos unha importante cantidade de obxectos do noso día a día. Non só con relación aos produtos alimenticios e tanto para os fabricantes, como os consumidores e as administracións.

Esta política máis eficiente medioambientalmente debe chegar tamén aos produtos non perecederos dos fogares, tendo o principal punto de mira nos aparatos electrónicos e nos electrodomésticos (frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavavaixelas e, fundamentalmente en Galicia, deshumidificadores), pois o 18 % do consumo enerxético total de España procede dos fogares e o 50 % do consumo eléctrico do fogar corresponde aos electrodomésticos. Na actualidade, hai un gran parque de aparatos antigos e de alto consumo eléctrico e hídrico que non se renova, sen que chegue á taxa natural de reposición (o dato é que preto dun 40 % dos aparatos que hai nos fogares españois teñen máis de 10 anos). A maiores, en Galicia, cunha media anual do 80 % de humidade, a mellor maneira de regular a humidade nos fogares e que non exceda dos valores entre o 40 % e o 60 % é mediante a tenza dun aparato deshumidificador tipo A, que non é especialmente barato.

Esta situación debería levar ao Goberno galego a activar algo semellante a un “Plan Renove” para electrodomésticos ao que se adherisen os establecementos e as entidades que quixesen colaborar, debendo xustificar a retirada dos vellos electrodomésticos para a súa reciclaxe conforme a normativa vixente e garantir a trazabilidade documental dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos. Cun plan que subvencionase a adquisición de equipos coa máxima clasificación enerxética, o Goberno estaría poñendo en marcha unha novidosa política máis eficiente medioambientalmente, sen esquecer o aspecto social dun plan destas características a través dun investimento especial destinado a aquela parte da cidadanía con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Comparte o Goberno da Xunta de Galicia que é precisa unha nova política medioambiental na que prime consumir menos e de maneira diferente?
- 2.<sup>a</sup>) Sabe o Goberno cal é a taxa natural de reposición de electrodomésticos nos fogares de Galicia? Sabe cal é a antiguidade media dos mesmos?
- 3.<sup>a</sup>) Estaría disposto o Goberno a poñer en marcha un “Plan Renove” destinado a subvencionar a adquisición de electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética?
- 4.<sup>a</sup>) Estaría disposto o Goberno a activar, dentro do dito plan, un investimento especial destinado a aquela parte da cidadanía con bono social e/ou en situación de pobreza enerxética?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/08/2019 11:11:03**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/08/2019 11:11:18**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/08/2019 12:20:26  
**Nº Rexistro: 54387**  
Data envío: 28/08/2019 12:20:26.397

**María Luisa Pierres López na data 28/08/2019 11:11:33**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGsoeqGqVw47  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensualidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento.

Sen dúbida, estas cuestións deben ser esixidas unanimemente e con firmeza desde o arco parlamentario galego. Porén, nesta cuestión, a Xunta de Galiza non está a cumprir de forma adecuada o seu papel como goberno galego, pois esta cuestión está a ser reducida a un mero ariete mediático por parte do Presidente da Xunta de Galiza, con base a motivos exclusivamente electoralistas sen considerar de forma seria tomar nota doutras actuacións, como a que está a impulsar Cataluña, que acaba de anunciar a presentación dun recurso xudicial para reclamar a súa débeda.

Máis aínda, cómpre salientar unha vez máis que con independencia deste agravio concreto, estes acontecementos o que veñen a demostrar é o fracaso do modelo de réxime común de financiamento, pois outras comunidades que teñen un sistema alternativo non están a enfrontar este problema que, en última instancia, ten a súa orixe





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

na inxusta relación económica de Galiza co Estado. Polo tanto, trátase dunha evidencia máis de que Galiza debe aspirar a superar o actual status en materia de financiamento e política fiscal, un modelo propio e autónomo onde a xestión do gasto vaia ligada a do ingreso, cunha Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos. É esta a única alternativa fiábel para termos garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos sen dependencias da incapacidade política dos axentes estatais.

Así mesmo, urxe tamén unha volta de porca á doutrina política que representou o período Feijóo neste ámbito, caracterizado pola obediencia plena aos dogmas da consolidación fiscal e, en consecuencia, ás políticas de recortes.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai pasar a Xunta de Galiza das palabras aos feitos e impulsar a reclamación legal da débeda económica que ten o Estado co noso país?

Considera a Xunta de Galiza que o único problema da relación económica de Galiza co Estado son a demora no pagamento do IVE de 2017 e das actualizacións das entregas a conta?

Considera a Xunta de Galiza que podería evitarse esta situación de contarnos con outro sistema de financiamento?

Arrepíntese o goberno da Xunta de Galiza de ter admitido sen protestas a conxelación deste debate simplemente porque correspondía ao goberno Rajoy?

Vai empregar esta cuestión como desculpa para disimular o seu fracaso na xestión da débeda pública galega?







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que opinión lle merecen outros ámbitos nos que o Estado incumpre e iso repercute nas nosas finanzas, como a débeda en materia de dependencia ou os incumprimentos dos acordos de investimentos?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2019 13:16:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2019 13:16:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2019 13:16:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2019 13:16:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2019 13:16:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2019 13:16:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O Centro Xestor de As Pías (Sobrado dos Monxes) da empresa Gestán Medioambiental recibe, entre outros, os rexeites da planta de Nostián correspondentes ó lixo procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas.

Nas datas da redacción desta PNL Gestán Medioambiental e Albada, empresa que ten a concesión da planta de Nostián e que xestiona o lixo procedente do concello da Coruña, están en negociacións para levar os rexeites deste concello tamén á planta das Pías en Sobrado.

Resulta que os rexeites procedentes de Nostián pertencentes ó concello da Coruña eran depositados no vertedoiro de Miramontes sito en Grixoa (Compostela) ata que a fins de abril deste 2019 tiveron que suspender esta relación comercial porque estes rexeites superaban significativamente o COD non estando autorizado este vertedoiro para a súa admisión.

Como resultado desta situación a planta de Nostián acumulaba, de xeito irregular nas súas instalacións a mediados deste mes de agosto, máis de 7.000Tm. deses rexeites sendo presionada pola Consellería de Medio Ambiente para normalizar esta situación con aviso ou ameaza de apertura de expediente sancionador.



Ó vertedoiro de As Pías parece ser que lle resta pouca capacidade no vaso de vertido actual, máis ou menos para 100.000Tm máis. Por iso ten en proxecto de construción un novo vaso con capacidade para 530.096m<sup>3</sup> e cunhas posibilidades de eliminación anual de 25.000Tm de residuos non perigosos procedentes dos tratamentos de valorización e centros produtores de residuos.

O realmente curioso é a ubicación deste vertedoiro. Está na serra do Bocelo entre os nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, coa escorrentía para o chamado regato das Pías que vai parar ó Mandeo. Toda unha lección de suicidio medioambiental.

De anos anteriores, o vertedoiro conta con máis de 500.000m<sup>3</sup> de lixo selado nun vaso acondicionado ilegalmente e con acumulacións de lixo depositado ilegalmente e transportado con nocturnidade contando coa complicidade da Xunta de Galicia.

Resulta, cando menos, chocante, que se Nostián produce os mesmos rexeites porque procesa indistintamente o lixo urbano procedente do concello de A Coruña e do Consorcio das Mariñas, se o da Coruña superaba amplamente o COD para entrar nun vertedoiro de residuos non perigosos, en Sobrado estean entrando eses mesmos rexeites sen que as inspeccións preceptivas por lei detecten ningunha anomalía.

Chocante resulta tamén o emprazamento do novo vaso, mesmo a carón do Camiño de Santiago Norte, todo un exemplo para a comarca de respecto ó Patrimonio e do cumprimento que se lle esixe a calquera veciño que queira cambiar unha soa tella do tellado de calquera construción que se atope en ubicación semellante.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1-- Se os rexeitamentos de Nostián imputables ó concello da Coruña non podían seguir indo a Grixoa por supera-lo COD, como poden estar entrando en Sobrado os do Consorcio que teñen máis materia orgánica?

2-- Está o vertedoiro de As Pías (Sobrado dos Monxes) especialmente deseñado para recibir residuos orgánicos?

3-- A quen se lle achaca o mal funcionamento de Nostián que nin fai un compost aceptable nin recicla de xeito que os rexeitamentos cumpran coa normativa de aceptabilidade nun vertedoiro de residuos non perigosos?

4-- Como pode o sistema Sogama que apenas fai reciclaxe cobrar un prezo de 55euros/Tm. e Gestán Medioambiental 31euros/Tm con portes incluídos?

5-- Como é posible autorizar a construción dun novo vaso de vertido no vertedoiro de Sobrado ( As Pías) con capacidade para 530.096m<sup>3</sup> de residuos non perigosos procedentes dos tratamentos de valorización e centros produtores de residuos, cando este vertedoiro está situado nos montes do Bocelo entre os nacementos dos ríos Mandeo e Tambre co perigo que supón para o medioambiente e a limpeza das augas destas dúas concas fluviais?

6-- Como é posible a autorización para a construción dun novo vaso de vertido situando este a carón do Camiño de Santiago?

7-- A onde vai parar a compostaxe que se prepara en Nostián?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2019 13:56:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2019 13:56:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2019 13:56:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2019 13:56:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2019 13:57:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2019 13:57:10**



## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos resultados do Programa bono emrega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción.

O 20 de agosto de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a orde do 7 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Bono emrega automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galiza e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Presuntamente, estas axudas atopábanse incardinadas na axenda 20 para o emprego, para impulsar o emprego estable e de calidade e acadar un novo modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta orde establecía as bases reguladoras para un programa de formación con contratación de persoas desempregadas nos sectores de actividade vinculados ao sector da automoción, e procedíase á convocatoria pública de axudas correspondente ao ano 2018 (procedemento TR301Y) denominado Bono emrega automoción e para o que as arcas públicas disponibilizaban 3 millóns de euros. Dita convocatoria foi pechada o pasado 1 de outubro de 2019.

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país. Asemade, as entidades públicas como a Xunta de Galiza conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción e cómpre fiscalizar a súa eficacia e impacto. Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha batería de preguntas que foron contestadas só parcialmente despois de denunciar a falta de transparencia do goberno, solicitar varias reconversións e debater unha Proposición Non de Lei que foi rexeitada polo grupo maioritario.

Nunha desas respostas parciais, o goberno dicía “Como resultado desta primeira convocatoria, a Xunta apoio a formación de 634 persoas traballadoras por parte de Peugeot Automóviles España, S.A. e Ti Group Automotive Systems, SAU, financiando o 50% da cualificación recibida cun máximo de 2.000 euros por cada persoa desempregada contratada. No seu conxunto, as subvencións concedidas ascenden a 763.328,31 euros”. Ademais de non aclarar se son postos de traballo creados ex novo, fixos ou temporais, etc, é evidente que representa un fracaso ao non ser investido nin o 50% do comprometido inicialmente.

Por todo isto formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego a súa política de estímulo da automoción?

Como valora o goberno galego os resultados do bono empedra automoción 2018?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como valora ter investido menos do 50% do comprometido? Que fixo ou vai facer coa contía reservada?

Vai continuar no futuro? Con que previsión orzamentaria? Introducirá cambios no seu enfoque?

Considera que axudou a fixar postos de traballo? Como avaliou estes resultados?

Cantas empresas se beneficiaron?

Cales?

Cal foi a contía concreta investida?

Para cantos postos de traballo serviron? Durante canto tempo? Que tipo de contratación acometeron estas empresas? Temporal ou estábel? Xornada completa ou parcial? Cantas mulleres? Cantos homes?

Para a selección dos e das beneficiarias tívose en conta se tiñan experiencia no sector?

Fixo a Xunta de Galiza algún tipo de inspección respecto do cumprimento e avaliación do impacto destas axudas?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 10:31:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 10:31:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 10:31:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 10:31:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 10:31:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 10:32:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as medidas a tomar para reverter a situación de precariedade do mercado laboral en Galiza.

Dez anos de goberno do Partido Popular en Galiza sáldanse coa consolidación da precariedade laboral como estrutural. Miles de galeg@s en situación laboral de precariedade, temporalidade, rotación, contratos a tempo parcial por imposición, baixada de salarios...

Como exemplo da enorme rotación están os datos do último mes de xullo: 121.098 contratos asinados fronte a 4.328 persoas menos anotadas como desempregadas con respecto ao mes anterior. Non para de medrar a precariedade laboral e a temporalidade: unicamente o 6,6% dos contratos subscritos neste período foron rexistrados baixo algunha modalidade de contratación indefinida, 9 de cada 10 contratos foron temporais.

En canto aos salarios consolídase a figura d@ traballador/a pobre, @s que o seu traballo non lle dá para vivir: 182.120 galeg@s cobran a metade do Salario Mínimo Interprofesional. Case medio millón de galeg@s ingresan por debaixo dos 800 euros ao mes. Unha de cada tres persoas asalariadas ingresa como moito o SMI e unha de cada cinco apenas chega aos 2.000 euros brutos anuais.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Constátase o medre das desigualdades e da precariedade, a perda de capacidade adquisitiva da clase traballadora (11% desde o 2008) por mor do modelo económico e de relacións laborais nacido das diferentes reformas laborais, que supuxeron un duro ataque ao dereito á negociación colectiva e tiveron consecuencias alarmantes no mercado laboral, xeneralizándose os empregos mal pagados e de escasa duración.

Esta situación é consecuencia das medidas, especialmente as reformas laborais, que foron tomando polas diferentes administracións, galega, estatal e europea, mais todas na mesma dirección, que non é outra que a de aproveitar a crise económica para favorecer aínda máis aos que máis teñen a costa da clase traballadora.

É preciso revertir o proceso xeneralizado de rebaixa das rendas de traballo e frear o medre da pobreza e das desigualdades

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a situación laboral en Galiza?

Ten previsto a Xunta de Galiza levar a cabo algunha acción para revertir a situación laboral en Galiza?

Que actuacións vai realizar o Goberno galego para rescatar @s miles de galeg@s que están sumid@s na precariedade e na pobreza laboral?

Vai instar ao Goberno español a que proceda á derogación das reformas laborais?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 11:27:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 11:27:51**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 11:27:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 11:28:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 11:28:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 11:28:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputados e deputada do Grupo Parlamentario Mixto** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita** sobre a realización de cursos de prevención de riscos laborais do persoal de servizos de prevención e defensa contra incendios, escasos e en época de risco medio-alto de incendio.

Expositivo.

Mediante resolución do 9 de agosto, publicada no DOG o 27 de agosto, convocouse un curso de prevención de riscos laborais para o persoal dos servizos de prevención e defensa de incendios forestais.

Mediante un convenio de colaboración subscrito entre un sindicato e a EGAP sobre actividades de formación, divulgación e investigación ofértase este curso só para o empregado público da Administración da Comunidade de Galicia en servizo activo ou que prestase servizos no ano 2019, así como os que estivesen de permiso por maternidade/paternidade, adopción ou acollemento ou excedencia por coidado de fillas/os ou familiares.

A matrícula só se pode facer de xeito telemático, e só en 10 días, é dicir, ata o 10 de setembro. Os cursos desenvolveranse de xeito presencial en diferentes localidades, nestas datas:

- Coruña, A (I): de luns a mércores, 23, 24 e 25 de setembro. Horario: 9.00 a 14.20 h. Prazas: 35.
- Coruña, A (II): de luns a mércores, 30 de setembro e 1 e 2 de outubro. Horario: 16.00 a 21.20 h. Prazas: 35.
- Lugo (I): de luns a mércores, 23, 24 e 25 de setembro. Horario: 9.00 a 14.20 h. Prazas: 20.
- Lugo (II): de xoves a sábado, 26, 27 e 28 de setembro. Horario: 9.00 a 14.20 h. Prazas: 20.
- Ourense (I): de luns a xoves, 7, 8, 9 e 10 de outubro. Horario: 17.00 a 21.00 h Prazas: 20.
- Ourense (II): de luns a xoves, 14, 15, 16 e 17 de outubro. Horario: 17.00 a 21.00 h. Prazas: 20.



– Pontevedra: de mércores a venres, 16, 17 e 18 de outubro. Horario: 16.00 a 21.20 h  
Prazas: 20.

– Porriño, O: de mércores a venres, 23, 24 e 25 de outubro. Horario: 15.30 a 20.50 h.  
Prazas: 20.

– Santiago de Compostela: de luns a mércores, 7, 8 e 9 de outubro. Horario: 9.00 a  
14.20 h. Prazas: 20.

Porén todos estes cursos celebraranse no mes de setembro e outubro, cando inda o risco  
de lumes é moi alto.

Por todo o exposto, a deputada e deputados que subscriben presentan a seguinte  
pregunta para a súa resposta escrita á Xunta de Galicia:

- 1.- Considera a Xunta normal que se realicen estes cursos no mes de setembro e  
outubro?
- 2.- Por que non se realiza por parte da Xunta un calendario formativo nos meses de  
menos actividade para estes colectivo? É necesario que o curso se realice de xeito  
presencial? Non pode facerse a través da plataforma de teleformación?
- 3.- Considera a Xunta suficiente este curso para todo o persoal do servizo contra  
incendios?
- 4.- Considera a Xunta que o número de prazas é suficiente para todo o persoal?

Santiago de Compostela, a 29 de agosto de 2019.

Asdo: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputados do G.P. Mixto





**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 29/08/2019 12:39:30**

**Paula Vázquez Verao na data 29/08/2019 12:39:43**

**David Rodríguez Estévez na data 29/08/2019 12:40:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A Xunta de Galiza está a levar a cabo a obra de rehabilitación do antigo Hospital Xeral para convertelo no edificio da Cidade da Xustiza. A obra foi adxudicada en febreiro de 2018 a Construtora San José con un prezo de adxudicación de 27,2 millóns de euros e un prazo de execución de 21 meses.

O DOG do 17 de agosto de 2017 publicou a adxudicación do “contrato correspondente á realización de diversos estudos e informes do complexo do antigo Hospital Xeral de Vigo para dedicalo a Cidade da Xustiza”. O contrato foi adxudicado á empresa Euroconsult, con un prezo de adxudicación de 105.996 euros, e incluía entre outros o “Estudo da estrutura e envolventes”.

A realidade da execución desta é que tivo que ser modificado o proxecto inicial polo que a Xunta de Galiza calificou como “contratempus” e que van supor un sobrecusto duns 11 millóns de euros.

O primeiro destes “contratempus” produciuse na fase previa de demolición de partes do edificio, xa que a aparición de amianto obrigou á súa retirada con un sobrecusto estimado de 800.000 euros, a engadir aos 2,23 millóns de euros do custo desta primeira fase.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A comezos de 2019 produciuse un segundo “contratempo”, neste caso derivado do mal estado das estruturas dos edificios anexos á torre do antigo Xeral (“estruturas metálicas deficientes e forxados sen capa de compresión”, en palabras do arquitecto director das obras, Alfonso Penela). Neste caso, a modificación do proxecto ten un custo estimado de 10 millóns de euros.

Semella evidente que este escandaloso incremento do custo das obras non é casual nin produto dunha situación sobrevida. Se se encargaron estudos e informes, entre eles o da estrutura e envolventes, parece obvio que neles tiveron que advertirse as deficiencias que obrigaron a unha modificación substancial do proxecto e a un incremento do custo das obras de máis do 30%.

So caben dúas opcións: ou os informes de Euroconsult, que tiveron un custo de 105.000 euros, non advertiron destas deficiencias, ou si o fixeron e non foron tidos en conta na redacción do proxecto. Calquera das dúas alternativas é moi grave e debe ser obxecto de responsabilidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno galego dos sobrecostos de máis de 10 millóns de euros nas obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza?
2. Tiña coñecemento a Xunta de Galiza, previa a adxudicación das obras á Construtora San José, das deficiencias estruturais e construtivas que provocaron a modificación do proxecto e o incremento do custo en 10 millóns de euros?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Cal foi a valoración destes aspectos polos técnicos da consellería (especialmente os contidos no apartado 3.3.1 e subapartados, do prego de prescricións técnicas), incluíndo a situación das estruturas e envolventes, nos á vista dos informes e estudos encargados a Euroconsult en agosto de 2017, cun prezo de licitación de 105.000 euros?

4. Que avaliación fai a Xunta de Galiza do estudo realizado por Euroconsult e considera necesario dirimir responsabilidades polo sobrecoste producido?

5. Tivo coñecemento o arquitecto autor do proxecto dos estudos e informes realizados por Euroconsult?

6. Cal vai ser o custo final das obras de rehabilitación do edificio do Hospital Xeral e do seu acondicionamento como edificio xudicial?

7. En que prazo estima o goberno galego que estará rematado o edificio?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 13:07:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 13:07:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 13:07:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 13:07:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 13:07:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 13:08:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as medidas a tomar diante da dramática situación laboral da mocidade galega.

Os datos da situación laboral da mocidade galega mostran unha imaxe de devastación.

Todo o emprego que se perdeu nos últimos dez anos foi entre os menores de 35 anos onde tamén descendeu máis o salario medio anual. Son os que teñen os ingresos máis baixos e son os que máis descendieron en número neste período: reduciuse fortemente o número de traballadores/as con menos de 18 anos, concretamente un 49,4%, pero aínda se reduciron máis os ingresos salariais deste grupo, xa que a caída dos mesmos foi do 69,1%, cunha caída de ingresos de 1.347 euros/ano.

Entre os 18 e os 35 anos, descendeu o emprego asalariado máis dun 30%, 142.000 persoas menos, e entre os traballadores/as con idades comprendidas entre os 18 e 25 anos os seus salarios descendieron un 21,4%, 1.783 euros/ano menos.

No caso dos traballadores e traballadoras de entre 26 e 35 anos o descenso do salario medio anual foi do 7,3%, 1.112 euros/ano menos. Até os 25 anos os asalariados/as galegos acadaron uns ingresos inferiores ó SMI.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As 302.233 persoas traballadoras menores de 36 anos non acadan o salario medio anual galego. .

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que iniciativas ten tomado o Goberno galego para impedir a precariedade laboral da mocidade galega?

Considera acaído o Goberno galego que con cartos públicos se financie a precariedade laboral da mocidade galega?

Considera que é emprego digno e de calidade o emprego xuvenil baseado en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo?

Que valoración fai das actuacións que realizan as ETTs?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 13:27:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 13:27:34**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 13:27:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 13:28:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 13:28:11**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 13:28:18**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do BNG, solicitan a retirada do documento con número de rexistro **54165** por un erro material.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 13:43:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 13:44:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 13:44:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 13:44:18**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 13:44:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 13:44:32**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

